

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de xaneiro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e un de xaneiro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(36).- PROXECTO DE “REGULAMENTO DO REXISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE VIGO”.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario xeral do Pleno, do 7.01.07, e de acordo co informe-proposta da

Primeiro.- Apobar o proxecto de Regulamento do Rexistro de Intereses do Concello de Vigo, se ben se especificará no proxecto a forma na que deberán facerse constar as modificacións das circunstancias de feito que alteren os datos que consten no rexistro.

Segundo.- Elevar, no seu caso ó Pleno do Concello o proxecto normativo para a súa aprobación inicial previo dictame pola Comisión Informativa correspondente.

REGULAMENTO DO REXISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Disposición Adicional Novena 3. da Lei 8/2007, de 28 de maio modifica o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local referido ó Rexistro de Intereses, o apartado 5 da Disposición e introduce unha nova Disposición Adicional Decimoquinta na devandita Lei 7/1985 que advirte, no seu apartado 2, que o réxime previsto no novo artigo 75.7 é de aplicación ó persoal directivo local e a determinados funcionarios de habilitación de carácter estatal.

A modificación xerada na Lei 7/1985 obriga a regular, dende a normativa municipal, determinados aspectos do mencionado Rexistro principalmente no que se refire á publicidade das declaracións que o integran, prazos para a súa presentación, xestión rexistral e concreción das persoas obrigadas a formalizalas.

O parágrafo cuarto do artigo 75.7 da Lei 7/1985 sinala: “As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato, nos termos que fixe o Estatuto Municipal”, o parágrafo quinto seguinte indica que o Rexistro de Intereses ten carácter público.

Sen prexuízo de entender que as denominadas “declaracións anuais” tan só pódense referir ás liquidacións tributarias mencionadas “in fine” no parágrafo segundo, a publicidade e o carácter público que respecto do Rexistro de Intereses predica a Lei hai que necesariamente conciliála co dereito fundamental á intimidade persoal e familiar previsto no artigo 18 da Constitución que debe operar como límite infranqueable. Os bens e dereitos patrimoniais de calquera persoa intégranse na súa dignidade e pertencen ó ámbito máis reservado da vida privada. Aínda así o desempeño de determinados cargos públicos da lugar a que tal dereito se atope sometido a límites derivados precisamente do carácter público do cargo, límites entre os que se atopa o Rexistro de Intereses que obriga á declaración veraz dos bens que se posúen para, a través del, comprobar que o exercizo da función se realiza, non cun interese persoal e de lucro, senón, cunha exclusiva idea de servizo. Que elo sexa así non quere dicir que esa comprobación ou consulta poda ser de xeral coñecemento cidadán pois tal xeralidade daría lugar á desaparición da intimidade protexida, en definitiva, do dereito fundamental o que non quere dicir que non poida ser levada a cabo por quen, a través do seu cargo e libremente elexidos, representan democráticamente á cidadanía nos asuntos públicos (art. 23.1 CE), é dicir, polos propios concelleiros que non deberán alegar condición de interesado –publicidade indirecta-, pois se nin siquiera isto fora posible de nada serviría o Rexistro, o seu carácter público e as prevencións e controis que a través del se establecen e que este Regulamento contempla.

Artigo 1.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto desenvolver o sinalado no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, creando a tal efecto o Rexistro de Intereses do Concello de Vigo e establecendo a publicidade das declaracións que o integran, prazos de presentación, xestión rexistral e concreción das persoas obrigadas a formalizalas.

Artigo 2.- Obriga de formular declaracións.

Ó obxecto de que se integren no Rexistro de Intereses os Concelleiros do Concello de Vigo, os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de Concelleiro, o persoal directivo local e os funcionarios con habilitación de carácter estatal que desenvolvan postos provistos mediante libre designación formularán as seguintes declaracións:

- a) Sobre as causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos.
- b) Sobre os seus bens patrimoniais.

Artigo 3.- Momento de efectuar as declaracións.

1.- Os Concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local efectuarán as súas declaracións antes da toma de posesión do cargo, cando se produzan variacións ó longo do mandato e no momento de rematar este. A presentación da declaración será requisito indispensable para a toma de posesión e adquirir a plena condición de membro da Corporación ou da Xunta de Goberno Local.

2.- O persoal directivo e os funcionarios con habilitación de carácter estatal efectuarán as súas declaracións antes da toma de posesión do posto, cando se produzan variacións e no momento de cesar no posto.

3.- O prazo para declarar as variacións que afecten ós datos reflectidos en calquera das declaracións será dun mes dende que se produza. A declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento correspondente a bens patrimoniais presentárase no prazo de dous meses á dita circunstancia.

4.- As declaracións asinaranse ante o Secretario Xeral do Pleno, os datos nelas contidos non necesitarán acreditación mediante escrituras, certificacións ou calquera outra clase de documento. No momento da súa presentación facilitarase ó interesado unha copia selada e cotexada.

5.- De darse as circunstancias que sinala o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as persoas sinaladas no apartado 1 poderán acreditar ante o Secretario Xeral a presentación de declaracións a través do certificado que se indica en dito precepto. O Secretario fará constar esta circunstancia no Rexistro.

6.- Anualmente, nos dous meses seguintes ó remate do prazo legalmente establecido para a súa presentación ante a Administración Tributaria as persoas sinaladas no artigo 1 presentarán copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó imposto sobre a renda das persoas físicas e, no seu caso, patrimonio e sociedades, estes documentos achegaranse á declaración de intereses económicos, bens e dereitos patrimoniais.

Artigo 4.- Exame de incompatibilidades e declaración.

1.- Corresponderá ó Secretario Xeral do Pleno emitir dictame sobre a existencia de causas de incompatibilidade dos Concelleiros electos e dos membros da Corporación. No suposto de que o dictame advirta causa de incompatibilidade darase traslado do mesmo ó interesado ó obxecto de que alegue o que considere conveniente. A declaración de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponderá á Alcaldía en funcións no caso de Concelleiros electos e ó Pleno no caso de membros da Corporación. Cando se declare a situación de incompatibilidade o afectado, trala súa notificación, optará, no prazo de dez días, entre renunciar á condición de concelleiro ou ó abandono da situación que da lugar á incompatibilidade.

2.- Transcurrido o prazo sinalado no número anterior sen haberse exercitado a opción, entenderase que o afectado renuncia o seu posto de Concelleiro debendo declararse polo Pleno a vacante correspondente poñendo o feito en coñecemento da Administración Estatal.

Artigo 5.- Modelos de declaración.

1.- As declaracións realizaranse conforme os modelos indicados no anexo a este Regulamento e se inscribirán no Rexistro de Intereses que constará de dous libros:

- a) Libro de actividades e causas de incompatibilidade
- b) Libro de intereses económicos, bens, dereitos patrimoniais e declaracións tributarias.

2.- Diferenciaranse os libros que integren as declaracións dos Concelleiros e dos membros da Xunta de Goberno Local e os que integren as declaracións do persoal directivo local e as dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

3.- O Rexistro de Intereses se levará na Secretaría Xeral do Pleno baixo a responsabilidade, dirección e custodia do titular deste posto, a quen lle corresponderán as funcións de fέ pública respecto de todos os aspectos relacionados co Rexistro.

4.- A cada persoa con obriga de declarar se lle asignará un número de declarante que permanecerá invariable durante o exercizo do seu cargo ou posto.

5.- Os libros serán de follas móbiles seladas e con numeración correlativa respecto de cada declarante asinando todas elas o/a declarante e o Secretario Xeral do Pleno. As distintas follas que integren as declaracións tributarias sinaladas no artigo 2.6 tamén serán obxecto de numeración. No caso das declaracións dos Concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local procederase á encadernación dos libros unha vez sexan presentadas as declaracións correspondentes ó final do mandato.

6.- A xestión do Rexistro garantirá a inalterabilidade e permanencia dos seus datos, así como a seguridade no acceso e uso dos mesmos. O persoal da Secretaría Xeral que, por razóns das súas funcións, teña acceso ós contidos do Rexistro ten o deber de gardar secreto profesional respecto ós datos e informacións.

Artigo 6.- Acceso ó Rexistro.

1.- O Libro referido a actividades e ás causas de incompatibilidade terá carácter público, o seu acceso rexerese polas seguintes regras:

a) Calquera cidadán a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexe coñecer as declaracións presentará no Rexistro Xeral, polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude que reúna os requisitos que establece o artigo 70 da devandita lei con indicación dos datos da persoa cuxa declaración de actividades interese. As solicitudes xenéricas non serán admitidas.

b) Non será requisito que o petionario ostente interese directo ou lexítimo.

c) Autorizado o acceso por decreto da Alcaldía, e posto tal feito en coñecemento do declarante, a publicidade farase efectiva mediante comparecencia do solicitante ante o Secretario Xeral do Pleno que lle exhibirá a declaración correspondente.

d) No suposto de que se solicite certificado este será expedido polo Secretario.

2.- O Libro referido a intereses económicos e bens e dereitos patrimoniais ten unha publicidade indirecta. Poderán ter acceso ó mesmo, ademais do propio interesado, as seguintes persoas e órganos:

a) As comisións de investigación que se poidan constituir polo Pleno, os membros da Corporación e os membros da Xunta de Goberno Local cando elo sexa necesario para o exercizo das súas funcións e do seu cargo.

b) Os órganos xudiciais para a instrución ou resolución de procesos que requiran o coñecemento de datos que obren no Rexistro de conformidade co disposto nas leis procesais.

c) O Ministerio Fiscal cando realice actuacións de investigación no exercizo das súas funcións que requiran o coñecemento dos datos obrantes no Rexistro.

3.- No suposto de que o acceso ó Libro de intereses económicos sexa solicitado por un membro da Corporación ou da Xunta de Goberno Local a petición formalizarse por escrito no que se acreditarán as razóns, a identificación da persoa á que se refire a información e os datos concretos dos que se quere ter constancia. A solicitude, que será posta en coñecemento do declarante, resolverase pola Alcaldía previo informe do Secretario Xeral do Pleno agás nos casos que se limiten a solicitar copias da súa declaración en cuxo caso o Secretario Xeral entregarallas directamente. O acceso farase efectivo mediante a exhibición o interesado da fotocopia autenticada ou expedición de certificación relativa ás informacións concretas solicitadas. O uso desta información deberá estar en todo caso relacionado co exercizo do cargo, estando a mesma sometida ó deber de reserva ó que están obrigados os membros da Corporación.

Artigo 7.- Publicidade.

1.- Transcorridos dous meses á data na que remate a obriga de presentar ante a Administración Tributaria a declaración correspondente ó Imposto sobre a renda das persoas físicas, o Secretario Xeral do Pleno comprobará se os obrigados do artigo 1 cumpriron dita obriga.

2.- Ós efectos da publicidade sinalada no parágrafo cuarto do artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o Secretario, nos quince días seguintes do prazo sinalado no apartado anterior, publicará anuncio na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia no que se fará constar o cumprimento, ou non, de tal obriga especificando, no seu caso, a identificación de aqueles que non a realizaron.

3.- Ós mesmos efectos anteriores nos quince días seguintes ós dous meses da conclusión do mandato dos corporativos e dos membros da Xunta de Goberno Local o Secretario publicará anuncio no que se fará constar o cumprimento, ou non, da obriga de presentar a declaración correspondente á finalización do mandato.

Disposición Adicional Primeira: Modificación dos modelos de delaración.

As modificacións puntuais dos modelos de declaración que figuran no anexo non implicarán modificación regulamentaria ningunha e acordaranse pola Alcaldía mediante resolución previo coñecemento da Xunta de Voceiros. Da resolución darase conta ó Pleno.

Disposición Transitoria Primeira: Identificación do Persoal Directivo Local.

Ademais do Titular da Asesoría Xurídica, do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, do Secretario Xeral do Pleno e do Interventor Xeral Municipal, ós efectos deste Regulamento teñen a condición de persoal directivo os outros titulares dos órganos mencionados nos artigos 130.1.B e 130.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e que como tales definan as normas municipais que determinen os niveis esenciais da organización municipal e as que adapten os Estatutos dos organismos autónomos ás previsións do Título X da Lei de Bases de Réxime Local.

Disposición Transitoria Segunda: Adaptación das declaracións presentadas ó previsto no Regulamento.

Dentro do mes seguinte á entrada en vigor deste Regulamento os Concelleiros, os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de Concelleiros, o Titular da Asesoría Xurídica e os funcionarios de habilitación estatal que desenvolvan postos provistos mediante libre designación formularán novas declaracións axustadas ós modelos do anexo.

Disposición Final: Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor ós quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Nº/.....

ANEXO

REXISTRO DE INTERESES

A.- LIBRO DE ACTIVIDADES E CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE.

Apelidos e nome:	NIF
Cargo ou posto:	

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime local, a persoa cuxos datos de identidade se consignan, formula declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos que expón son certos.

1.- SUPOSTOS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE	

2.-TRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, ORGANISMOS, ENTIDADES, EMPRESAS PÚBLICAS OU PRIVADAS	
Denominación da entidade	Cargo

3.-ACTIVIDADES OU OCUPACIÓNS MERCANTÍS OU INDUSTRIAIS

4.- EXERCIZO DE PROFESIÓN LIBERAIS		
Colexio profesional ó que pertence	Dirección despacho, consulta, gabinete ou estudo	Nº Colexiado/a

5.-OUTRAS ACTIVIDADES

En Vigo, a .____. de _____ de 20__
 O/A DECLARANTE

Asdo.: _____

DILIXENCIA: Para facer constar que no día de hoxe o/a declarante presenta ante o Rexistro de Intereses declaración correspondente a¹ Comprende folios rubricados na marxe polo interesado/a, procédese á súa numeración e se lle devolve copia selada e cotexada por esta Secretaría.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

O/A DECLARANTE

Asdo.:

Asdo.:

¹*Declaración previa á toma de posesión; declaración de variacións; declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento no posto.*

Nº.../...

REXISTRO DE INTERESES

B.- LIBRO DE INTERESES ECONÓMICOS E BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS.

Apelidos e nome:	NIF
Cargo ou posto:	

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime local, a persoa cuxos datos de identidade se consignan, formula declaración dos seus bens patrimoniais e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos que expón son certos.

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO
<i>Indicarase a súa natureza (rústica ou urbana), a súa localización, a inscrición rexistral –no seu caso-, a data de adquisición e o seu valor catastral.</i>

2.- PATRIMONIO MOBILIARIO.			
<i>Valores representativos de cesión a terceiros de capitais propios (Débeda pública, obrigacións, bonos, certificados de depósito, pagarés e demais valores equivalentes.</i>			
Clase de títulos	Número	Entidade emisora	Data de adquisición

<i>3.- DEPÓSITOS EN CONTA CORRENTE OU DE AFORRO, A VISTA OU A PRAZO, CONTAS FINANCEIRAS E OUTROS TIPOS DE IMPOSICIÓNS A CONTA</i>			
<i>Clase</i>	<i>Número</i>	<i>Entidade Financeira</i>	<i>Contía</i>

<i>4- VALORES REPRESENTATIVOS DE PARTICIPACIÓN EN FONDOS DE CALQUERA ENTIDADE (Accións e Participacións)</i>	
<i>Clase</i>	<i>Descrición</i>

<i>5- BENS MOBLES</i> <i>Obras de arte, antigüidades, xoias, peles de carácter suntuario, outras propiedades...</i>	
<i>Clase</i>	<i>Descrición</i>

<i>6- VEHÍCULOS E EMBARCACIÓNS PROPIEDAD DO DECLARANTE</i>			
<i>Marca e modelo</i>	<i>Ano de matriculación</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Observacións</i>

7.- OUTROS BENS: Seguros de vida, rendas temporais ou vitalicias, dereitos reais de uso e goce, concesións administrativas, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial..., etc.	
Clase	Descrición

En Vigo, a ____ de _____ de 20__

O/A DECLARANTE

Asdo.:

DILIXENCIA: Para facer constar que no día de hoxe o/a declarante, en cumprimento do previsto no art. 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, presenta ante o Rexistro de Intereses declaración correspondente a² Comprende folios rubricados na marxe polo interesado/a, procédese á súa numeración e se lle devolve copia selada e cotexada por esta Secretaría.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

O/A DECLARANTE

Asdo.:

Asdo.:

²Declaración previa á toma de posesión; Declaración de variacións; Declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento no posto.

2(37).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2007. EXPTE. 2517/335.

Mediante providencia de data 8.01.08, de conformidade coa base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2005, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto mentor tramitados polo Servizo de Animación Sociocultural durante os meses de novembro e decembro de 2007, que son os seguintes:

Expte: 2348/335. MANTEMENTO EQUIPAMENTOS AUDITORIO CASTRELOS.

Decreto concelleiro data: 25/10/2007

Informe Intervención: RC 72480

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

Importe: 6.000,00 EUROS

Expte: 2374/335. CONTRATACIÓN CARTEIRO REAL E OBRADOIROS CARPA REAL.

Decreto concelleiro data: 14/11/2007

Informe Intervención: RC 66949

Adxudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA (RIVEL ANIMACIÓN)

Importe: 11.770,00 EUROS

Expte: 2375/335. CONTRATACIÓN MONTAXE CARPA REAL.
Decreto concelleiro data: 14/11/2007
Informe Intervención: RC 68024
Adjudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA (RIVEL ANIMACIÓN)
Importe: 10.250,00 EUROS

Expte: 2376/335. CONTRATACIÓN CARTEIRO REAL POR BARRIOS.
Decreto concelleiro data: 16/11/2007
Informe Intervención: RC 66976
Adjudicatario: TROULA ANIMACIÓN S.L.
Importe: 1.983,00 EUROS

Expte: 2379/335. CONTRATACIÓN MEGAFONÍA CICLO CORAIS MARCO.
Decreto concelleiro data: 14/11/2007
Informe Intervención: RC 69711
Adjudicatario: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA
Importe: 2.088,00 EUROS

Expte: 2381/335. CONTRATACIÓN VARIAS CONCERTO DE NADAL.
Decreto concelleiro data: 28/11/2007

Adjudicatario	Informe Intervención	Importe euros:
REAL CLUB NÁUTICO	RC 68922	528,74
CENTRO VECIÑAL CULTURAL VALLADARES	RC 68923	528,74
UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	RC 68924	1.400,00
SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	RC 68925	142,54
VALLE FRAGOSO, S.L.	RC 68926	650,00

Expte: 2385/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO CONCERTO NADAL 2007.
Decreto concelleiro data: 26/11/2007
Informe Intervención: RC 68921
Adjudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD
Importe: 1.629,61 EUROS

Expte: 2386/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN CICLO NADAL CORAIS E BANDAS AUDITORIO E PERSOAL AUXILIAR CICLO CORAIS MARCO.
Decreto concelleiro data: 26/11/2007
Informe Intervención: RC 69712
Adjudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 1.629,61 EUROS

Expte: 2387/335. CONTRATACIÓN SEGURIDADE E VIXILANCIA CARPA REAL.
Decreto concelleiro data: 10/12/2007
Informe Intervención: RC 71838
Adjudicatario: SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.
Importe: 6.100,00 EUROS

Expte: 2392/335. CONTRATACIÓN OBRADOIRO "IMOS CONSTRUIR A NOSA CIDADE" - VIGOLANDIA.
Decreto concelleiro data: 28/11/2007
Informe Intervención: RC 69713
Adjudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA
Importe: 4.390,60 EUROS

Expte: 2394/335. CONTRATACIÓN ACTIVIDADES INFANTILANDIA – VIGOLANDIA.

Decreto concelleiro data: 28/11/2007
Informe Intervención: RC 69714
Adxudicatario: CARMEN GARCÍA VICENTE
Importe: 3.480,00 EUROS

Expte: 2395/335. CONTRATACIÓN VIXILANCIA E CONTROL – VIGOLANDIA.
Decreto concelleiro data: 26/11/2007
Informe Intervención: RC 69706
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 5.557,21 EUROS

Expte: 2396/335. CONTRATACIÓN OBRADOIRO NAVINANOS – VIGOLANDIA.
Decreto concelleiro data: 28/11/2007
Informe Intervención: RC 69702
Adxudicatario: FUNDACIÓN IGUAL ARTE
Importe: 3.721,00 EUROS

Expte: 2397/335. CONTRATACIÓN OBRADOIRO CARBONILLA – VIGOLANDIA.
Decreto concelleiro data: 28/11/2007
Informe Intervención: RC 69681
Adxudicatario: MAKENE DIDÁCTICA S.L.
Importe: 5.136,00 EUROS

Expte: 2398/335. CONTRATACIÓN ESPECTÁCULO OS NARIGUDOS – VIGOLANDIA.
Decreto concelleiro data: 12/12/2007
Informe Intervención: RC 71842
Adxudicatario: TANXARINA S.L.
Importe: 3.000,00 EUROS

Expte: 2399/335. CONTRATACIÓN CONCERTO “STARS OF THE LID” - SINSAL.
Decreto concelleiro data: 03/12/2007
Informe Intervención: RC 70872
Adxudicatario: SINSAL AUDIO S.L.
Importe: 12.000,00 EUROS

Expte: 2413/335. CONTRATACIÓN ESPECTÁCULO MAXIA PEDRO VOLTA – VIGOLANDIA
Decreto concelleiro data: 30/11/2007
Informe Intervención: RC 71506
Adxudicatario: UBIAGRAN DAL S.L.
Importe: 5.452,00 EUROS

Expte: 2414/335. CONTRATACIÓN MATERIAL INFORMATIVO CAMPAÑA NADAL.
Decreto concelleiro data: 11/12/2007
Informe Intervención: RC 71846
Adxudicatario: ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L.
Importe: 11.999,29 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(38).- DEREITOS DE AUTOR DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA PARA O ANO 2008. EXPTE. 10675/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de

Cultura, do 2.10.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar un gasto de 30.000 € (trinta mil euros) a favor da Sociedad General de Autores y Editores (SGAE), con CIF: G-28029643, para atender as previsións de pagamentos en concepto de dereitos de autor derivados da programación do departamento de Cultura da Concellería de Asuntos Sociais para o ano 2008, con cargo á partida 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza), do presuposto municipal para o ano 2008.

2º.- Facultar ó concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais para asinar coa antedita entidade os contratos de autorización de espectáculos e as correspondentes liquidacións de dereitos.

4(39).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DE ÓPTICAS DE SEMÁFOROS Á NOVA TECNOLOXÍA LED. EXPTE. 12386/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro Industrial Municipal, do 15.01.07, que di o seguinte:

Con motivo da posta en marcha dun novo programa de actuación para a eficiencia enerxética promovido polo Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE), dirixido especialmente aos concellos, para subministrar ópticas de diodos (LEDS), as cales substitúen con altísimo rendemento ao sistema convencional de iluminación dos semáforos, o Técnico que suscribe polas razóns que posteriormente se indicarán, considera de interese presentar a correspondente solicitude de recursos de apoio destinados a este programa.

As referidas axudas están contempladas na Resolución do Consello de Administración de IDAE, de data 23 de xullo de 2007, publicadas no BOE de 28 de setembro de 2007.

Entre as principais razóns que avalan a conveniencia de tal solicitude cabe destacar as seguintes:

- Redución de maneira considerable do consumo enerxético ata nun 75%.*
- Mellórase a seguridade vial ao conquerirse por unha parte que o fundido dunha lámpada LED non supoña o apagado da sinalización semaforica, e por outra parte se gaña en luminosidade que garante unha mellor eficacia na visión da indicación semaforica, especialmente en horas de contraluz solar.*

- Reducción de emisión de CO₂ estimadas en 400 Tm. anuais.*
- Ofrecen ademáis maior fiabilidade e durabilidade do sistema de iluminación.*

Ao obxecto de presentación da solicitude, é necesario que a Xunta de Goberno Local aprobe a participación do Concello de Vigo no programa.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- *Aprobar a participación do Concello de Vigo no programa de axudas para a substitución de ópticas convencionais de semáforos á nova tecnoloxía LED, con fins de aforro enerxético e mellora de seguridade vial.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(40).- SOLICITUDE DA “DIRECCIÓN GENERAL DE FONDOS COMUNITARIOS DEL MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA” DA ADMISIÓN DO PROXECTO “INICIATIVA URBANA-TEIS”. EXPTE. 101149/140.

Examinadas as actuaicóns do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Inversións, de data 14.01.08, conformado polo concelleiro delegado do Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadana, que di o seguinte:

É obxecto do presente informe por en coñecemento da Xunta de Goberno Local a Memoria do proxecto Iniciativa Urbana Teis a fin de que, previo a súa análise e valoración, se adópte o preceptivo acordo sobre a conveniencia de solicitar cofinanciación comunitaria para a súa execución, con cargo ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A redacción da Memoria, que se somete a consideración da Xunta de Goberno Local, ten o seu amparo na decisión adoptada pola Administración Xeral do Estado, a través da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, que prevé a cofinanciación de proxectos sobre Iniciativa Urbana, correspondentes ao eixe 5 “Desenvolvemento sostenible local e urbano”, ós que poderán optar municipios cunha poboación de dereito superior a 50.000 habitantes en actuacións que se desenvolvan durante os exercicios económicos 2007 a 2013 (ambos inclusive).

Parece conveniente resaltar que a mencionada decisión da Administración Xeral do Estado garda perfecta coherencia cos obxectivos xerais e prioridades estratéxicas establecidas no “Programa operativo FEDER Galicia 2007-2013”, do que nos parece oportuno destacar os seguintes aspectos:

“En canto a desenvolvemento urbano, vista a importancia concedida ó papel das cidades no novo período e as problemáticas específicas ás que se enfrontan, as actuacións terán como obxectivo principal responder ás necesidades das cidades en termos de rexeneración social e económica do seu entorno.

Neste sentido aproveitarase a experiencia no ámbito da Iniciativa Urban para seguir desenvolvendo actuacións integrais de rexeneración urbana nas cidades galegas de marcado carácter industrial, tales como Ferrol e Vigo”.

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) ha presupostado para a Iniciativa Urbana (URBAN) unha cantidade de 344.000.000,00€ para a execución de proxectos entre as anualidades 2007-2013, dos que corresponden ás zonas de converxencia (Estremadura, Castilla La Mancha, Andalucía e Galicia) unha axuda financeira de 162.000.000,00€, sendo atribuíbles á Comunidade Autónoma de Galicia 27.000.000,00€ para a posta en marcha de tres proxectos de Iniciativa Urbana, significando a cofinanciación do FEDER o 70% do custe elexible do proxecto seleccionado.

A determinación da zona de actuación elixida efectuouse trala comprobación do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o proxecto represente unha actuación integrada de desenvolvemento sostenible.*
- b) Que a zona definida para levar a cabo as accións represente un área unificada dentro do término municipal de Vigo.*
- c) A constatación, a través da información recollida, de que se trata efectivamente dunha zona desfavorecida en relación co resto da cidade.*

Á súa vez en canto ó cumprimento do último requisito sinalado no precedente apartado letra c) , na Memoria se acredita a concurrencia na zona de actuación, se non na súa totalidade, de polo menos tres dos seguintes problemas:

-Forte índice de desemprego.

-Débil taxa de actividade económica.

- Alto nivel de pobreza e exclusión.
- Necesidade de reconversión resultante de dificultades económicas e sociais.
- Elevado número de inmigrantes, minorías étnicas ou refuxiados.
- Baixo nivel educativo, importante déficit de cualificaciónes e elevado índice de abandono escolar.
- Nivel elevado de criminalidad e delincuencia.
- Tendencias demográficas precarias.
- Degradación medioambiental.

A metodoloxía utilizada na Memoria do proxecto responde ós criterios de análise expostos nas Orientacións facilitadas polo Ministerio de Economía e Facenda, concretándose na consideración específica dos epígrafes que a continuación relaciónanse:

A. En canto á análise socio-económico da zona:

- Poboación.
- Evolución e distribución espacial.
- Nivel educativo.
- Mercado de traballo.
- Localización da actividade económica.
- Sistema de transportes e comunicacións.
- Características de núcleos de poboación con conflitos de situación social.
- Valoración medioambiental.
- Análise DAFO.

B. No concernente á estratexia e obxectivos do proxecto examínanse os seguintes apartados:

- Coordinación cos interlocutores locais.
- Carácter innovador do proxecto.
- Observancia do principio de igualdade de oportunidades.
- Relación da proposta coa estratexia de desenvolvemento rexional.
- Contribución do proxecto a mellóraa do medio ambiente urbano, de acordo cos obxectivos e normativa comunitaria.
- Actuacións concretas resultantes do proxecto.
- Xestión e seguimento.
- Información e publicidade.
- Plan financeiro.

O obxecto de que a Xunta de Goberno dispoña dos suficientes elementos de xuízo para adoptar unha decisión sobre a solicitude de cofinanciación que se interesa no presente informe, realízase a continuación un resumo do contido da Memoria nas áreas que fan referencia ó ámbito de intervención, así como aquelas que desenvolven o análise socio-económico da zona.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ÁMBITO DE INTERVENCIÓN

Dentro do ámbito do Concello de Vigo a intervención diríxese ó Distrito 6: Teis. Este Distrito conta con aproximadamente 30.029 habitantes, o que representa un 10% do total poblacional. O área Urban trátase dun espazo densamente poboado, con 5.162 habitantes por quilómetro cadrado. Prácticamente duplica a cifra de Vigo, o que fai que non se axusten as ofertas de servizos á demanda esixida pola cidadanía, que se traslada a outras zonas da cidade en busca de mellor calidade de vida.

Teis caracterízase, en canto ó seu emprazamento, por ser un área con dificultades para o crecemento urbano. A zona presenta un entramado de infraestructuras que encajonan e condicionan o desenvolvemento do barrio. Falamos da Autopista do Atlántico A-9 e as súas conexións con outras vías de saída da cidade; concentración e densidade da rede ferroviaria de mercancías e pasaxeiros, e o peirao de Guixar que alberga a totalidade do tráfico de contenedores do Porto de Vigo. A estes condicionantes sumamos a dificultade para definir un planexamento estratéxico concreto, debido á diversidade e complexidade do entramado urbanístico e ós conflitos do uso do chan, xestionados por diversas entidades administrativas.

Desde o punto de vista da actividade económica a Zona Urban caracterízase, por unha banda, e asentada na zona litoral, unha industria naval e metalúrxica con forte tradición e que, tras superar unha forte crise a principios e mediados dos oitenta, parece ter asegurado o seu futuro polo menos a curto-medio prazo. Doutra banda, a excesiva concentración da actividade comercial en torno ás grandes arterias.

Estas características xeran na cidadanía unha percepción negativa do barrio. Dentro do conxunto municipal, Teis é considerada a zona menos valorada pola cidadanía para vivir.

Teis presenta unhas necesidades e carencias en términos de rexeneración social, económica e medioambiental que xustifican a actuación na zona a través da Iniciativa Urbana.

PARAMETROS RESULTANTES DO ANALISIS SOCIOECONOMICO DA ZONA

A zona de actuación cumpre plenamente con cinco dos nove requisitos expostos na convocatoria, e con dúas máis de forma parcial. Os cinco requisitos centrais desta proposta son os seguintes:

- 1.Degradación medioambiental da zona.*
- 2.Forte índice de desemprego.*
- 3.Tendencias demográficas precarias.*
- 4.Elevado número de inmigrantes, minorías étnicas ou refuxiados.*
- 5.Alto nivel de pobreza e exclusión.*

A degradación medioambiental da zona, reflíctese entre outros, nos seguintes indicadores:

-A porcentaxe de espazos verde é de 4,96 m2 por habitante, maior que os 4,6 que se arrojan para Vigo, pero moi por baixo das recomendacións da OMS (15 m2 por habitante).

-Nivel de contaminación acústica superior a 75Db en múltiples puntos da zona Urban, sendo a recomendación de máximos en 65Db polo día e 55Db pola noite.

-Número de litros de capacidade por habitante existentes para a recepción de fracción resto é de 18,97 L/H (un 41% inferior ao resto de Vigo) , de papel-cartón 3,99L/H, envases 5,7L/H, vidro3,5L/H e pilas 0,0049 L/H, todos estes indicadores son inferiores aos da cidade.

-Conducións de fibrocemento, responsables de gran parte dos problemas de abastecemento, superan en Teis a porcentaxe da media de Vigo, 18.2% fronte ó 14,2%, respectivamente.

O forte índice de desemprego, reflíctese entre outros, nos seguintes indicadores:

-A taxa de paro en Teis ascende a un 20,77%, fronte ao 10,45% de Vigo.

-A porcentaxe de poboación desempregada entre 16 e 25 anos representa en Teis o 13,94%, fronte ó 9,14 que supón en Vigo.

-A poboación activa de Teis, representa unha taxa de actividade de só un 35,97%, mentres que a de Vigo sitúase nun 57.7%.

-A Taxa de Ocupación é en Teis de 32,86%, mentres que en Vigo é do 59,80%.

As tendencias demográficas precarias, reflíctense entre outros, nos seguintes indicadores:

-O crecemento vegetativo na cidade de Vigo presentou un saldo favorable do 0,044% da poboación, mentres en Teis, o saldo vegetativo é negativo, representando un -0,068%.

-Entre o periodo 2004-2007, a evolución demográfica do área URBAN arroxa un saldo negativo de case o 2% sobre o total, fronte ó conxunto de Vigo que se sitúa en torno ó -0,6%.

-Teis é un espazo cunha forte concentración humana xa que o área URBAN presenta 5.162 habitantes por Km², esta cifra duplica a correspondente ó conxunto municipal.

O elevado número de inmigrantes, minorías étnicas, reflíctense entre outros, nos seguintes indicadores:

-A Taxa de poboación residente estranxeira para o caso de Teis é dun 4,94%, o total da cidade é dun 4,85%.

-A poboación estranxeira non comunitaria representa no caso de Teis o 77,09%, do total dos inmigrantes, fronte ó 71,32% do resto de Vigo.

Do total dos inmigrantes de Senegal, Gambia, Mauritania e Kenia, da cidade de Vigo, o 50,9%, o 50%, o 45,5% e o 40% respectivamente residen en Teis.

Do total de persoas de Vigo usuarias de UTS, pertencentes á colectividade minorías étnicas, o 27,3% o fan na unidade correspondente a Teis.

En canto ó alto nivel de pobreza e exclusión, reflíctese entre outros nos seguintes indicadores:

-A renda media para o conxunto de Vigo elévase a 1.950€ ó mes por familia, en Teis só un 27,7% dos fogares de Teis iguala ou supera esta cantidade, e máis dun 70% dos fogares presentan ingresos inferiores á media do resto do municipio.

-En canto ó umbral da pobreza relativa cabe sinalar que un 29% dos fogares do área Urban presentarían ingresos que os sitúan baixo o umbral da pobreza relativa. Devandita taxa triplica a de Galicia onde o 9,84% dos fogares sitúanse por baixo de devandito umbral.

Os dous requisitos sinalados, que se cumpren de forma parcial no ámbito de actuación son:

1. Baixo nivel educativo, importante déficit de cualificaciónes e elevado índice de abandono escolar.
2. Débil taxa de actividade económica.

O baixo nivel educativo, importante déficit de cualificaciónes, reflíctese entre outros nos seguintes indicadores:

-Existe un 32% de persoas en Teis que presentan un baixo nivel de formación (suma de persoas analfabetas totais, sen estudos e estudos primarios incompletos), en Vigo este indicador é do 28%.

-Considerando a poboación de mulleres que presentan un baixo nivel de formación en Teis o indicador

sitúase nun 37.2%, na cidade de Vigo o valor é do 28,3%.

-O indicador correspondente á proporción de persoas que alcanzaron estudos de bachillerato ou superiores é en Teis do 34,3%, para Vigo é do 42%.

-No relativo ao fracaso escolar, os parámetros en Vigo oscilan entre o 20% e o 25%, porcentaxes que se poden aplicar tamén á Zona Urban, e que en ningún caso son superiores á media da Comunidade Autónoma.

A débil taxa de actividade económica, reflíctese entre outros nos seguintes indicadores:

-O total de empresas inscritas en Vigo segundo o IAE, no ano 2007, indica que só o 3,3% destas localízanse en Teis.

-Atendendo á tendencia se observa ademais unha redución do seu peso sobre o total municipal comparando o ano 2006 co 2007.

A distribución segundo epígrafes informa de que na zona de intervención existe unha maior concentración de certas actividades: comercio, hospedaxe e hostelería e talleres, que agrupan o 48% do total das empresas.

O método de análise empregada na redacción do proxecto “Iniciativa Urbana - Teis” permitiu identificar a problemática da zona, sinalar os obxectivos a alcanzar coa actuación, determinar a estratexia das tarefas a acometer e, en definitiva, concretar as actuacións que se desenvolverán baixo las “Áreas Temáticas” que a continuación se citan:

- Medio ambiente urbano, redución de tratamento de residuos.
- Accesibilidade e mobilidade.
- Infraestructuras de servizos.
- Desenvolvemento do tecido económico en apoio da actividade empresarial.
- Fomento da integración social e a igualdade de oportunidades.
- Sociedade da información.
- Formación profesional.
- Información e publicidade.
- Asistencia Técnica.

A senda financeira, prevista nas orientacións do Ministerio de Economía e Facenda, establece que o investimento total do proxecto (custe elexible), por anualidade presupostaria, non pode exceder das seguintes porcentaxes:

2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
13,451	13,720	13,995	14,275	14,560	14,851	15,148

Na táboa “1” que se inclúe no presente informe se cuantifica o investimento por Área Temática e o seu desglose por actuación concreta e pola súa banda na táboa “2” reflíctese a atribución de devandito investimento (custe elexible) por anualidade presupostaria, cumprindo estrictamente os topes ou teitos porcentuales previstos nas orientacións do Ministerio de Economía e Facenda.

TÁBOA "1"

PROPUESTA PRESUPUESTA URBAN-TEIS 2007-2013				
	MEDIO AMBIENTE URBANO Y REDUCCIÓN Y TRATAMIENTO DE RESIDUOS	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Recuperación, acondicionamiento y mejora global del espacio litoral y zonas verdes de la Zona Urban.	1.900.000	31,60	
2	Humanización y mejora de los espacios públicos de la Zona Urban degradados urbanísticamente.	3.700.000	61,53	
3	Medidas de control y reducción de la contaminación acústica y visual.	40.000	0,67	
4	Mejora de la Red de Abastecimiento de Agua en puntos críticos.	313.200	5,21	
5	Gestión de residuos sólidos con isletas de recogida selectiva y puntos limpios.	60.000	1,00	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	6.013.200	100,00	46,21
	ACCESIBILIDAD Y MOVILIDAD	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Mejorar el transporte público existente (frecuencias, trayectorias y paradas) y fomentar su uso.	60000	7,69	
2	Analizar la viabilidad y puesta en funcionamiento de alternativas de transporte y movilidad, dentro de la zona Urban y entre ésta y otros puntos	120000	15,38	
3	Dotar de viales y medios de desplazamiento adaptados (en función de capacidades e intereses) a los diferentes usuarios de los espacios públicos.	600000	76,92	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	780000	100,00	5,99
	INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Estudiar la viabilidad, y llevar a cabo, la rehabilitación de aquellas infraestructuras existentes y adecuadas para el desarrollo de actividades de intervención y prestación de servicios.	2000000	71,43	
2	Equipamiento de las infraestructuras adecuado a los servicios ofrecidos.	800000	28,57	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	2800000	100,00	21,52
	DESARROLLO DEL TEJIDO ECONÓMICO APOYANDO LA ACTIVIDAD EMPRESARIAL	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Asesorar y apoyar la puesta en marcha de nuevas iniciativas empresariales, en especial las vinculadas con las áreas de intervención y los espacios de la Zona Urban infrautilizados, como medida para la creación de empleo.	400000	47,06	
2	Vincular las necesidades sociales detectadas (en relación a la dependencia, a la conciliación de la vida laboral, familiar y personal, etc.) a la promoción de iniciativas de autoempleo.	450000	52,94	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	850000	100,00	6,53
	FOMENTO DE LA INTEGRACIÓN SOCIAL Y LA IGUALDAD DE OPORTUNIDADES	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Servicios de apoyo, asesoramiento y acompañamiento para la integración a través de la inserción en el mercado laboral: formación laboral, orientación laboral, búsqueda de empleo y gestiones administrativas, entre otras.	360000	36,00	
2	Intervención en la prevención de la exclusión y el conflicto intercultural a través del reconocimiento y visibilización de la cultura propia de los colectivos minoritarios	200000	20,00	
3	Trabajo con jóvenes en la prevención de la violencia y en la promoción de hábitos de salud y convivencia, integrando la perspectiva de género.	200000	20,00	
4	Programas de apoyo a las personas dependientes y con movilidad reducida, así como a las personas que cuidan de ellos.	240000	24,00	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	1000000	100,00	7,68
	SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Promoción de las potencialidades de las TIC'S orientadas a su uso en diferentes áreas: gestiones administrativas, sociolaborales, comerciales y formativas.	350000	87,50	
2	Producir material audiovisual de carácter documental, que refleje por una parte las intervenciones y el impacto físico y social del proyecto, integrando las opiniones y experiencias	50000	12,50	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	400000	100,00	3,07
	FORMACIÓN PROFESIONAL	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Desarrollar cursos y programas de formación para la cualificación e inserción laboral aprovechando las sinergias de las diferentes actuaciones propuestas.	280000	58,33	
2	Puesta en marcha de programas de formación para integración comunitaria y social así como para el fomento de la igualdad dirigida a colectivos con problemáticas y necesidades específicas y mayor riesgo de exclusión social.	200000	41,67	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	480000	100,00	3,69
	INFORMACIÓN Y PUBLICIDAD	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Campañas de información y publicidad. Medidas para mejorar el acceso a la información, principalmente en materia de medio ambiente, igualdad de oportunidades y participación de los ciudadanos en los procesos de decisión.	30000	50,00	
2	Promoción de redes de intercambio de experiencias y buenas prácticas así como el desarrollo de la base de datos comunitaria sobre buenas prácticas en la gestión y sostenibilidad de las ciudades	30000	50,00	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	60000	100,00	0,46
	GESTIÓN Y ASISTENCIA TÉCNICA	EUROS	%	% ACUMULADO
1	Gastos derivados de las tareas de gestión, seguimiento y control de la Inicitiva.	500000	79,37	
2	Realización de evaluaciones de la intervención, tanto ex-ante como on-going, que permita contar con el máximo de elementos a la hora de realizar la evaluación expost.	100000	15,87	
3	Establecer mecanismos e instrumentos para recoger demandas, opiniones y sugerencias de la colectividad local, que tras ser valoradas puedan ser incorporadas a proyecto	30000	4,76	
	TOTAL PARA ÁREA TEMÁTICA	630000	100,00	4,84
	TOTAL	13.013.200		100,00

TÁBOA "2"

PRESUPUESTO ANUAL POR ACTIVIDAD SEGÚN SENDA PROPUESTA EN LAS ORIENTACIONES PARA LA PROPUESTA

		2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	EUROS
MEDIO AMBIENTE URBANO Y REDUCCION Y TRATAMIENTO DE RESIDUOS									
1	Recuperación, acondicionamiento y mejora global del espacio litoral y zonas verdes de la Zona Urban.	200000	500000	270000	300000	250000	130000	250000	1.900.000
2	Humanización y mejora de los espacios públicos de la Zona Urban degradados urbanísticamente.	1000000	450000	450000	450000	450000	450000	450000	3.700.000
3	Medidas de control y reducción de la contaminación acústica y visual.					20000	20000		40.000
4	Mejora de la Red de Abastecimiento de Agua en puntos críticos.					313200			313.200
5	Gestión de residuos sólidos con isletas de recogida selectiva y puntos limpios.				20000	20000	20000		60.000
									6.013.200
ACCESIBILIDAD Y MOVILIDAD									
1	Mejorar el transporte público existente (frecuencias, trayectorias y paradas) y fomentar su uso.			30000		15000	15000		60000
2	Analizar la viabilidad y puesta en funcionamiento de alternativas de transporte y movilidad, dentro de la zona Urban y entre ésta y otros puntos	60000				60000			120000
3	Dotar de viales y medios de desplazamiento adaptados (en función de capacidades e intereses) a los diferentes usuarios de los espacios públicos.				100000	150000	200000	150000	600000
									780000
INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS									
1	Estudiar la viabilidad, y llevar a cabo, la rehabilitación de aquellas infraestructuras existentes y adecuadas para el desarrollo de actividades de intervención y prestación de servicios.	265000	505000	445000	265000		400000	120000	2000000
2	Equipamiento de las infraestructuras adecuado a los servicios ofrecidos.		65000	220000	220000		60000	235000	800000
									2800000
DESARROLLO DEL TEJIDO ECONOMICO APOYANDO LA ACTIVIDAD EMPRESARIAL									
1	Asesorar y apoyar la puesta en marcha de nuevas iniciativas empresariales, en especial las vinculadas con las áreas de intervención y los espacios de la Zona Urban infrautilizados, como medida para la creación de empleo.	40000	40000	40000	65000	65000	70000	80000	400000
2	Vincular las necesidades sociales detectadas (en relación a la dependencia, a la conciliación de la vida laboral, familiar y personal, etc.) a la promoción de iniciativas de autoempleo, primando la fórmula de cooperativa.	40000	40000	40000	55000	90000	90000	95000	450000
									850000
FOMENTO DE LA INTEGRACION SOCIAL Y LA IGUALDAD DE OPORTUNIDADES									
1	Servicios de apoyo, asesoramiento y acompañamiento para la integración a través de la inserción en el mercado laboral, formación laboral, orientación laboral, búsqueda de empleo y gestiones administrativas, entre otras.	30000	30000	30000	30000	70000	85000	85000	360000
2	Intervención en la prevención de la exclusión y el conflicto intercultural a través del reconocimiento y visibilización de la cultura propia de los colectivos minoritarios		12000	26000	22000	47300	45300	47400	200000
3	Trabajo con jóvenes en la prevención de la violencia y en la promoción de hábitos de salud y convivencia, integrando la perspectiva de género.		12000	26000	22000	47300	45300	47400	200000
4	Programas de apoyo a las personas dependientes y con movilidad reducida, así como a las personas que cuidan de ellos.		12000	26000	24000	55300	55300	67400	240000
									1000000
SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN									
1	Promoción de las potencialidades de las TIC. S orientadas a su uso en diferentes áreas: gestiones administrativas, sociolaborales, comerciales y formativas.			70000	70000	70000	70000	70000	350000
2	Producir material audiovisual de carácter documental, que refleje por una parte las intervenciones y el impacto físico y social del proyecto, integrando las opiniones y experiencias de la colectividad local.	3000	2000	2000	2000	3000	13000	25000	50000
									400000
FORMACIÓN PROFESIONAL									
1	Desarrollar cursos y programas de formación para la cualificación e inserción laboral aprovechando las sinergias de las diferentes actuaciones propuestas.	25000	25000	40000	40000	40000	40000	70000	280000
2	Puesta en marcha de programas de formación para integración comunitaria y social así como para el fomento de la igualdad dirigida a colectivos con problemáticas y necesidades específicas y mayor riesgo de exclusión social.	20000	20000	20000	30000	35000	30000	45000	200000
									480000
INFORMACIÓN Y PUBLICIDAD									
1	Campañas de información y publicidad. Medidas para mejorar el acceso a la información, principalmente en materia de medio ambiente, igualdad de oportunidades y participación de los ciudadanos en los procesos de decisión.	5000			15000			10000	30000
2	Promoción de redes de intercambio de experiencias y buenas prácticas así como el desarrollo de la base de datos comunitaria sobre buenas prácticas en la gestión y sostenibilidad de las		5000		20000			5000	30000
									60000
GESTIÓN Y ASISTENCIA TÉCNICA									
1	Gastos derivados de las tareas de gestión, seguimiento y control de la Iniciativa.	45000	58000	68000	79000	75000	75000	100000	500000
2	Realización de evaluaciones de la intervención, tanto ex-ante como on-going, que permita contar con el máximo de elementos a la hora de realizar la evaluación expost.	13400	6000	14000	22000	14560	14850	15190	100000
3	Establecer mecanismos e instrumentos para recoger demandas, opiniones y sugerencias de la colectividad local, que tras ser valoradas puedan ser incorporadas a proyecto	4000	3500	4100	6600	4000	3900	3900	30000
									630000
	TOTAL	1750400,00	1785500,00	1821100,00	1857600,00	1894660,00	1932650,00	1971290,00	13013200,00
	SEMDA PROPUESTA	13,45	13,72	13,99	14,27	14,56	14,85	15,15	100

En consonancia co que antecede esta jefatura propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1. *Solicitar da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda a admisión do proxecto “Iniciativa Urbana - Teis”, presentado polo Concello de Vigo, no marco da respectiva iniciativa comunitaria, para a súa cofinanciación polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), asignándolle unha axuda financeira de 9.109.240,00€, equivalente ó 70% do custe elexible do proxecto, que se distribuirá nas distintas actuacións, correspondentes ás diversas Areas Temáticas, que se executarán ao longo do sexenio 2007-2013, segundo indícase en la “TÁBOA 2” que se une ó presente Informe-Proposta.*

2. *En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico no apartado letra f) do número 1) do Artigo 127 (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003) esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2008 e 2013 (ambos inclusive) as dotacións suficientes para facer fronte ó financiamento nacional do proxecto 3.903.960,00€ (30% do custe elexible) que se distribuirá nas actuacións correspondentes ás Areas Temáticas e exercicios económicos cuio orzamento se explicita en la “TABLA 2”.*

3. *Por en coñecemento da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios a disposición por parte desta Administración Municipal dun equipo humano con capacidade suficiente para a xestión, seguimento e control do proxecto, en cumprimento da normativa comunitaria, tal e como se expón no apartado 3.7) da Memoria, extremo este que xa foi acreditado con ocasión da execución de actuacións cofinanciadas polo FEDER en anteriores exercicios, (POMAL, POL, INTERREG II España - Portugal, URBAN, etc.) nos que se superou, con éxito, as auditorías externas ás que foi sometida a xestión desta Administración Municipal.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe. O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación comprométese a manter unha reunión informativa, ó longo da mañá do día desta reunión, cos concelleiros do BNG con responsabilidades no Goberno que se poidan ver afectadas pola iniciativa.

6(41).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 74215/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta, da técnica de Admón. Xeral da Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade, do 11.12.07, conformado polo xefe da Área, que di o seguinte:

En cumprimento da Orde de Servizo do Concelleiro-Delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade de 29 de novembro de 2007 e 14 de xaneiro de 2008, emítese a seguinte Proposta de Aprobación de Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

O texto da Ordenanza que se pretende aprobar é fruto do consenso entre as Concellerías de Mobilidade, Transportes e Seguridade, Comercio e Turismo, e maila Federación de Empresarios de Hostelería de Pontevedrada trala reunión celebrada o pasado 11.01.2008.

INFORME-PROPOSTA

I. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.

- LRXPAC: Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do

Procedemento Administrativo Común.

- LRBRL: Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, de 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- RSCL: Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- RBEL: Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

II. COMPETENCIA MUNICIPAL:

O Excmo. Concello de Vigo debe establecer, vía Ordenanza, a regulación do réxime xurídico do aproveitamento de terreos de dominio público dentro do término municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostelería de carácter permanente. A estos efectos, enténdese por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasóis, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostelería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante ou similares.

A instalación destas mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público. O RBEL 1372/1986 dispón no seu artigo 77.1 que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral.

Co fin de regular o outorgamento deste tipo de licenzas de xeito que sexa compatible a utilización do espazo público para disfrute e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos de hostelería, apróbase a presente Ordenanza na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a buscar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio público. Asemade, procúrase adecuar a estética das instalacións ao entorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular o espazo urbano da nosa cidade.

Considerando que o Municipio conforme aos artigos 25.2.b) da LRBRL 7/1985 e 80.2.b) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materia de ordenación do tráfico de persoas nas vías urbanas, e coa finalidade da procura dunha mellor calidade de vida da nosa cidadanía (art 45.2 CE), proponse aprobar a Ordenanza Municipal de reguladora da instalación de terrazas na vía pública, de acordo coa potestade recoñecida ás Corporacións Locais de intervir na actividade dos cidadáns a través de Ordenanzas (artigos 4.1.a, 84.1.a da LRBRL e 5 do RSCL).

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Proxectos de Ordenanzas (art 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art 49 da LRBRL, seguirase o seguinte procedemento para a aprobación da Ordenanza: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Asemade, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final segunda, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta asinada pola Técnica da Admón. Xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, conformada pola Xefatura da Área, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública (Exp. nº 74215/210).

SEGUNDO: Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública (exp. nº 74215/210).

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público.

O Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, dispón no seu artigo 77.1, que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral. O artigo 9.7.b do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, e mailo artigo 44.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aplican a estas licenzas a doutrina do silencio negativo, o que implica que o petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa obtención.

Co fin de regular o outorgamento deste tipo de licenzas de xeito que sexa compatible a utilización do espacio público para disfrute e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos de hostelería, apróbase a presente Ordenanza na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a buscar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio público. Asemade, procúrase adecuar a estética das instalacións ao entorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular o espacio urbano da nosa cidade.

TÍTULO I OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público dentro do término municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os

establecimientos de hostelería de carácter permanente.

2. Esta Ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostelero que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, ferias e festexos populares, os que se rexirán polas súas normas específicas.

3. Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse a previa concesión administrativa.

Artigo 2. Instalacións autorizables.

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasois, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostelería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante o similares.

TÍTULO II RÉXIME XURÍDICO

Artigo 3. Autorizacións.

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenza municipal nos termos previstos nesta Ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenza municipal. Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, entendéndose concedidas en precario. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.

2. O petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

3. A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización ou sen axustarse ás condicións da licenza, dará lugar a inmediata orde de retirada que, de non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello, a custa do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

Artigo 4. Solicitudes-Autoliquidacións.

1. Poderán solicitar licenza para este tipo de ocupacións, os titulares de licenzas de actividade-apertura dos establecementos de hostelería que linden co espazo exterior que se pretende ocupar, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulan a mesma.

2. As solicitudes-autoliquidacións, que se presentarán con un mes, como mínimo, de antelación á data de instalación que se interesa, deberán formularse no impreso normalizado establecido ao efecto, debendo especificar os datos personais, nome comercial do establecemento e licenza de actividade do mesmo, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, ancho da beirarrúa libre para peóns, número de cadeiras, mesas, toldos, parasois e demais elementos decorativos.

3. De tratarse da primeira instalación, a solicitude-autoliquidación acompañarase necesariamente da seguinte documentación:

3.a) Fotocopia compulsada da licenza de actividade-apertura do establecemento de hostelería. A licenza deberá estar en vigor e non atoparse incurso en expedientes de disciplina urbanística e contaminación acústica que afecten ao devandito establecemento.

3.b) Documento que acredite non ter deudas pendentes coa Facenda Municipal.

3.c) *Memoria descriptiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do mobiliario que se pretende instalar. Deberá expresar o número de mesas e cadeiras a instalar e a superficie de m² a ocupar. Achegarase unha fotografía do mobiliario e da fachada do establecemento.*

3.d) *Plano de situación da terraza, no que se reflecten a superficie a ocupar, a lonxitude da fachada do establecemento, ancho da acera, distancias ás esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, así como todos os elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

4. *No caso dunha instalación xa autorizada en períodos anteriores, non será necesario presentar a documentación esixida no apartado anterior.*

O interesado fará constar na súa solicitude-autoliquidación o feito de non ter deudas pendentes coa facenda municipal e maila circunstancia de ter realizado instalación de terraza en período anterior, indicando o número de expediente e a data da licenza de ocupación de dominio público, sinalando que se mantén o mesmo titular, a mesma actividade e as mesmas condicións da instalación da terraza.

Artigo 5. Período impositivo.

1. *Os aproveitamentos obxecto da presente Ordenanza estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes taxas establecidas na Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial do dominio público local.*

2. *Os períodos impositivos establécense na devandita Ordenanza Fiscal. No momento de facer a autoliquidación, os interesados especificarán o período impositivo polo que optan e para o que desexan obter autorización. En todo caso, os períodos impositivos serán períodos naturais completos.*

3. *Cando o interesado desexe continuar coa instalación da terraza autorizada, deberá presentar unha nova solicitude, como mínimo, cun mes de antelación á expiración da licenza de ocupación, logo do pagamento das novas taxas.*

Artigo 6. Forma de efectuar a autoliquidación da taxa.

1. *Por regra xeral, para o cálculo dos metros cuadrados, considerarase que unha mesa e catro cadeiras dun modelo estandar común ocupan unha superficie de 3,06 metros cuadrados (1,75 mts. x 1,75 mts.). O número de metros cuadrados máximos autorizables, que haberá autoliquidar, virá determinado polos metros lineais de fachada do establecemento de hostelería multiplicados por 1,75 metros, o que determinará o número de mesas que se poderán instalar.*

2. *Únicamente nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 5,50 metros permitirase unha dobre fileira de mesas debendo deixarse, en todo caso, 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes. Os interesados que desexen instalar esta dobre fila, aos efectos da autoliquidación da taxa, para obter o número de metros cuadrados máximos autorizables, multiplicarán por tres os metros lineais de fachada do establecemento de hostelería.*

Artigo 7. Tramitación.

O procedemento iniciarase mediante solicitude-autoliquidación, en impreso normalizado que conterá, ao menos, os datos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), ao que se adxuntará, no seu caso, a documentación prevista no artigo 4 da presente Ordenanza, que se presentará no rexistro xeral do Concello de Vigo, sen perxuízo do disposto nos artigos 38.4 e 38.9 da Lei LRX-PAC. Asemade, poderanse crear rexistros telemáticos para a recepción e saída de solicitudes, escritos e comunicacións.

Os servizos municipais disporán dun prazo de dez días para examinar a solicitude e a documentación aportada e, no seu caso, requirirán ao interesado para que subsane a falta ou adxunte a documentación preceptiva, con indicación de que se non o fixera teráselle por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite, cos

efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.

Unha vez completada a documentación, emitirase informe técnico e xurídico que finalizará con proposta en algún dos seguintes contidos: denegación ou outorgamento da licenza de ocupación-terraza.

Artigo 8. Obriga de resolver.

1. O órgano competente para a concesión da licenza é o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue. Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación do pedimento no prazo de un mes, implicará a súa desestimación tácita a efectos da interposición dos correspondentes recursos.

2. A concesión ou denegación das licenzas efectuarase en función do cumprimento dos requisitos previstos na presente Ordenanza, das características da vía ou terreo donde se pretende a instalación e das circunstancias obxectivas en cada caso concorrentes e constatadas nos informes que a esos efectos se soliciten. No caso de denegarse a licenza procederase a devolución da taxa autoliquidada.

Artigo 9. Supostos de transmisibilidade e subrogación.

1. A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

2. As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen dita circunstancia ao Concello, sen o cual quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular de acordo co disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

3. No caso de falecemento do titular da licenza subrogaranse na mesma os seus herdeiros, sempre que se manteña a licenza para a actividade do establecemento principal e a terraza. Dita subrogación deberá ser solicitada ante o Concello, aportando o interesado a documentación que acredite a súa condición de herdeiro e xustificando o cambio de titularidade da licenza de actividade do establecemento principal.

Artigo 10. Suspensión e revogación da autorización.

1. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xenere dereito a indemnización algunha.

2. Cando surdan circunstancias imprevistas ou sobrevenidas de urbanización, así como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, ou se produzan danos no dominio público, a Administración concedente mediante resolución motivada poderá revogar a licenza concedida sen dereito a indemnización algunha. Igual facultade alcanzará no caso de que da actividade autorizada se deriven molestias graves para o tráfico peonil, se produzan queixas ou reclamacións por parte dos veciños debidamente acreditadas ou denuncias da Policía Local por molestias de ruidos e por perturbación do descanso nocturno.

Artigo 11. Vixencia das autorizacións.

A vixencia das autorizacións de ocupación que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.

TÍTULO III DAS INSTALACIÓNS.

Artigo 12. Condicións de ubicación.

As instalacións, deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Condicións xerais:

A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se incumpran os requisitos esixidos na presente Ordenanza.
- Cando a instalación se pretenda realizar en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
- Cando supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o conductor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando supoña para a súa atención atrevesar a calzada.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc...).
- Cando se instalen en xardíns públicos ou comunitarios.
- Cando resulte inadecuada ou discordante co seu entorno, por exemplo, menoscabando o interese de edificios públicos ou espazos públicos ou de carácter histórico-artístico.

2. Características das beirarrúas e ocupación permitida:

2.a. Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña un ancho mínimo de 2,50 metros e que se deixe, ao menos, un espacio de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

2.b. Nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 2,50 metros e inferior a 3 metros, tan só se permitirán dos cadeiras por mesa, debendo colocarse a mesa apegada á liña da fachada do establecemento principal e as cadeiras enfrentadas, co fin de que quede, ao menos, un espacio de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns.

2.c. Únicamente nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 5,50 metros, permitirase unha dobre fileira de mesas debendo deixarse, en todo caso, 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns. Asemade, entre as dúas fileiras de mesas deixarase un paso para servir as mesmas de 0,80 cm.

2.d. Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan, sen superala en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes. En principio, poden instalarse as mesas na totalidade do ancho da fachada do establecemento de hostelería se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, bocas de rego, hidrantes, rexistros dos distintos servizos, respiradeiros dos aparcamentos subterráneos, etc) non o impiden.

Exceptúanse desta esixencia, as zonas peonís e prazas, onde a colocación das mesas requerirá, en cada caso concreto, un estudio especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza, se ben, non se poderá instalar a terraza durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos para carga e descarga.

Non obstante, excepcionalmente, previo informe técnico, poderase permitir que as instalacións rebasen a liña de

fachada do establecemento, pero en calquera caso o solicitante deberá acreditar documentalmente a conformidade das fincas (vivendas e locais comerciais) colindantes.

2.e. As ocupacións a que se refire esta Ordenanza non se poderán autorizar cando o establecemento e a terraza estean separados por calzada de rodaxe de vehículos.

Artigo 13. Mobiliario.

1. O mobiliario utilizado nestas instalacións deberá ser acorde coas características urbanas da zona donde se ubique, quedando expresamente prohibida calquera tipo de publicidade en mesas, cadeiras, parasois ou similares. A estes efectos, non se considerará publicidade a inserción do nome comercial do establecemento no mobiliario, manteis ou outros elementos da terraza.

2. Mediante a publicación do correspondente Bando, o Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en consoancia coa realidade arquitectónica do entorno. Ditas características poderán ser esixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

3. O material do mobiliario que ocupe o espacio acoutado (mesas, cadeiras, etc) deberá ser de boa calidade, discreto, hixiénico, sen aristas nin saíntes e con certo estilo e deseño. Acéptase o emprego de materiais tales como madeira, aluminio ou enreixado plástico, que xa existen no mercado para mobles de xardinería. Non poderán colocarse cores chamativos ou chillóns. En todo caso, o Concello supervisará e autorizará o mobiliario a instalar na terraza.

4. En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante una base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento e non supoña perigo para os usuarios e viandantes. En ningún caso poderán fixarse no pavimento mediante anclaxes. Tanto o voo como o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar aos peóns.

TÍTULO IV OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

Artigo 14. Obrigas.

Os titulares das licenzas de terrazas quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

1. Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.
2. Cingirse estrictamente á zona autorizada sen rebasala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan. Deixarase expedito o acceso a edificios, vivendas, vados de vehículos e locais comerciais.
3. Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
4. Colocar en sitio visible mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición. A autorización deberá estar adherida á porta ou ao escaparate do establecemento.
5. Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos seus elementos, incluíndo as bases dos parasosis. As mesas, cadeiras e parasois serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A recollida realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.
6. Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.
7. Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial, nun prazo máximo de sete días hábiles. Igualmente serán responsables dos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo da

instalación ou retirada da terraza.

Artigo 15. Prohibicións.

- 1. Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou apilar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.*
- 2. Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento.*
- 3. Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquer tipo.*
- 4. Prohíbese instalar nas terrazas billares, futbolines, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.*

Artigo 16. Horarios.

O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario:

- 1. O horario da apertura será o das dez horas.*
- 2. O horario de peche será:*
 - En días laborales e festivos ás 00:00 horas.*
 - En sábados e vísperas de festivos 01:30 horas.*
- 3. Durante o período comprendido entre o 1 de maio e 31 de setembro, os establecementos poderán ampliar o seu horario de terraza ata as 02:00 horas, excepto os sábados e vísperas de festivos que poderase ampliar ata as 02:30 horas.*
- 4. O horario de funcionamento das terrazas nas zonas que sexan declaradas acusticamente saturadas polo Pleno da Corporación será o establecido no acordo plenario aprobado ao efecto.*

TÍTULO V

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17. Inspección.

Corresponde aos Axentes da Policía Local e aos Inspectores Municipais a inspección do cumprimento do disposto na presente Ordenanza.

Artigo 18. Potestade sancionadora.

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrucción do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 19. Infraccións.

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

Artigo 20. Infraccións leves.

Considéranse infraccións leves:

- 1. O incumprimento da obrigaón de colocar en sitio visible, adherida á porta ou ao escaparate do establecemento, mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso/distintivo correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición.*
- 2. Ocupar coa terraza maior superficie que a autorizada na licenza.*
- 3. O incumprimento da obrigaón de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.*

4. O deterioro leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
5. O incumprimento da obrigaón de retirar do exterior a totalidade dos elementos da terraza ao finalizar o horario autorizado.
6. O incumprimento do disposto nos apartados 3) e 4) do artigo 13 desta Ordenanza.
7. Almacenar ou apilar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como residuos propios das instalacións.
8. Instalar mostradores e outros elementos no exterior da terraza para o servizo desta.
9. Instalar e usar nas terrazas aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquer tipo.
10. Instalar nas terrazas billares, futbolines, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.
11. O incumprimento do horario de funcionamento das terrazas establecido no artigo 16.
12. As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

Artigo 21. Infraccións graves.

Considéranse infraccións graves:

1. A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal.
2. A negativa ou obstrucción ao labor inspectora, como sería negarse a facilitar, cando sexa requirida polos Inspectores ou Axentes da Autoridade, a licenza da instalación autorizada.
3. Cando a instalación da terraza supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o conductor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
4. Cando a terraza se instale en xardíns públicos ou comunitarios.
5. Cando a instalación poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
6. Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc).
7. O deterioro grave nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
8. A reincidencia por dos veces, pola comisión no termo de 1 ano, de infraccións leves da mesma natureza.

Artigo 22. Infraccións moi graves.

Considéranse infraccións moi graves:

1. A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou da documentación anexa aportada en orde á obtención da correspondente autorización.
2. Cando a instalación se realice en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
3. A reincidencia por dos veces, pola comisión no termo de 1 ano, de infraccións graves da mesma natureza.

Artigo 23. Sancións.

1. As infraccións á Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- As leves, con multa de ata 600 €.
- As graves, con multa de 601 a 1.200 € que poderá acompañarse da clausura temporal da terraza por un espacio de tempo non superior a un mes.
- As moi graves, con multa de 1.201 a 2.000 € que poderá acompañarse da retirada da licenza da terraza con carácter definitivo.

2. Na imposición das sancións, deberase guardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a graduación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, pola comisión no termo de 1 ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se

*declarase por resolución firme.
- A intencionalidade.*

Artigo 24. Prescrición.

- 1. As infraccións leves prescriben aos 6 meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos 3 anos.*
- 2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.*
- 3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.*

Disposición transitoria única.

As licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza deberán axustarse ao disposto nela no prazo máximo de 1 mes desde a entrada en vigor.

Disposición derogatoria única.

Queda expresamente derogado o Bando da Alcaldía de 7 de febreiro de 2007.

Disposición final primeira.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

Disposición final segunda.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

7(42).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO E GOCE DE ESPAZOS DE USO COMÚN E PRIVATIVO NO CENTRO CÍVICO “CASCO VELLO”. EXPTE. 1334/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 10.01.07, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007, aprobou as bases de adxudicación do concurso para a autorización do uso e goce de espazos de uso común e privativo no Centro Cívico “Casco Vello”.

O B.O.P.de Pontevedra, publicou a convocatoria o día 16 de outubro de 2007, establecendo un prazo de 15 días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación, conforme establece a cláusula vixésimo terceira, prazo que rematou o 3 de novembro de 2007.

Na data de remate do prazo, presentáronse as asociacións seguintes:

- Asociación de Comerciantes e Hosteleros Vigo Vello.*
- Asociación Rede Mulleres Veciñais contra os malos tratos.*
- Asociación de Mediación Social de Galicia.*
- Amnistía Internacional*

Con data 6 de novembro de 2007, fora do prazo establecido presentou solicitude a Asociación Mulleres Cerámicas, polo que non pode ser tida en conta ao incumprir as bases do concurso.

Polo anteriormente exposto e unha vez valoradas as solicitudes presentadas, según detalle do Anexo I, conforme aos criterios de adxudicación da cláusula vixésimo sétima, se asignaron as seguintes puntuacións:

Asociación de Comerciantes e Hosteleros Vigo Vello.

1.- Número de socios:

135 individuais e 2 colectivos.

2.- Antigüidade da asociación:

1997

3.- Ámbito da entidade:

Local

4.- Grado de implicación cas actividades do Centro.

Nos últimos 3 anos, ven desenvolvendo a maior parte das súas actividades no centro, tanto nos seus espazos comúns (salón de actos, sala de reunións), co desenvolvemento de cursos de formación, reunións e asambleas de asociados, presentación de campañas de divulgación e difusión de actividades, etc, como no uso dos espazos privativos como espazo de xestión administrativa.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi completa, na que pódense suliñar os seguintes apartados:

- Plan de formación para os comerciantes da zona, con 12 cursos de formación nas áreas de atención ao público, plans de calidade empresarias, novas tecnoloxías, escaparatismo, etc.
- Plan anual de promoción comercial:
 3. Edición do plano directorio do Centro Comercial Aberto do Casco Vello.
 4. Campañas de difusión do comercio no barrio e na prensa local.
 5. Edición do boletín informativo da asociación.
 6. Adquisición de mobiliario e expositores.
 7. Esponsorización dun equipo deportivo.
- Actuación e xornadas de difusión e animación sociocomunitaria.
 9. Xornadas do Mexilón.
 10. Xornadas gastronómicas da tapa galega.
 11. Descubre o Casco Vello por arte de maxia.
 12. Xornadas da tapa de outono.
- Creación do Portal de Comercio Electrónico.
 14. Programación da páxina web www.vigovello.com
 15. Webs para asociados.
 16. Escaparate virtual.
 17. Etc.

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista cos criterios establecidos no 2007, no relativo a formación, promoción comercial, xornadas e potenciación do uso das novas tecnoloxías da comunicación na difusión das actividades da asociación, incluíndose como aspecto mais novedoso a implantación de:

- Un sistema de fidelización de clientes.
- O desenvolvemento de un plan de marketing comercial,
- A implantación de software CRM nos locais dos asociados.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

Non aporta documentación.

8.- Outras circunstancias para valorar.

O ámbito de actuación circunscríbese ao Barrio Histórico, centrando as súas actividades de xeito maioritario no ámbito do pequeno comercio, aportando unha gran dinamización de actividades no barrio. Con unha boa colaboración co Concello de Vigo e outras asociacións do seu ámbito.

Asociación Rede de Mulleres contra os malos tratos

1.- Número de socios:

163 individuais.

2.- Antigüidade da asociación:

2003

3.- Ámbito da entidade:

Autonómica.

4.- Grado de implicación cas actividades do Centro.

Nos últimos 3 anos, ven desenvolvendo a maior parte das súas actividades no centro, tanto nos seus espazos comúns (salón de actos, sala de reunións), co desenvolvemento de cursos de formación, reunións e assembleas de asociados, presentación de campañas de divulgación e difusión de actividades, etc, como no uso dos espazos privativos como espazo de xestión administrativa.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi completa, na que pódense suliñar os seguintes apartados:

- *Funcionamento diario do Punto Informa.*
- *Actividades de información, asistencia e apoio a mulleres, co orientación persoal e telefónica toda a semán.*
- *Acompañamento e apoio a mulleres en:*
 4. *Asesoramento en trámites legais*
 5. *Policía.*
 6. *Acompañamento a xuízos.*
 7. *Servizo de saúde.*
 8. *Etc.*
- *Servizo de acompañamento a nenos e neas a punto de encontro cos seus pais.*
- *Plan de seguimento de casos atendidos.*
- *Plan de presenza nos medios de comunicación e na rúa coa presenza de mesas informativas.*
- *Desenvolvemento do proxecto “Clara” de integración laboral de mulleres en proceso de incorporación social.*
- *Concentracións mensuais de rechazo a violencia de xénero.*
- *Colaboración co programa de violencia de xénero desenvolvido pola asociación de Mulleres Dorna nos centros de enseñanza secundaria.*
- *Colaboración en actos solidarios como os celebrados por Solidarios Anónimos, Marcha Mundial das Mulleres*
- *Celebración de actos de difusión da violencia de xénero como:*
 17. *Videoforum mensual sobre acoso laboral, sexual e violencia de xénero.*
 18. *Obra de teatro “Asamblea de mulleres”.*
- *Xornadas de intercambio de mediadoras coa cidade de Málaga.*
- *Foro “Etnia e inserción feminina”.*
- *Xornada “Acoso laboral á muller dentro da nova lei de traballo”.*
- *Encontro interxeneracional: Vive e convive.*
- *Programas de formación:*
 24. *Formación de mediadoras e mediadores para o traballo con mulleres vítimas de violencia de xénero.*
 25. *Terapias de grupo.*

Os datos aportados nos seis primeiros meses do ano, se concretan en 470 intervencións, realizadas sobre 112 mulleres.

O grao de cumprimento de obxectivos é alto.

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista cos criterios establecidos no 2007, no relativo a formación, prewenza nos medios de comunicación e nas rúas, a celberación de xornadas de difusión e intercambio.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

O presuposto de ingresos total correspondente ao ano 2007 é de 35.234,71 € dos que 33.234,71 € corresponden a subvencións das Administración públicas.

Tendo en conta o anterior o financiamento externo é do 5,68%.

8.- Outras circunstancias para valorar.

A súa actividade está directamente relacionada cos persoas afectadas pola violencia de xénero, as que

se lles debe prestar unha especial atención a fin da súa erradicación. Amplia colaboración co Concello de Vigo e asociacións de ámbito local, autonómico e estatal.

Asociación de Mediación Social de Galicia

1.- Número de socios:

Non indica.

2.- Antigüidade da asociación:

2007

3.- Ámbito da entidade:

Autonómica.

4.- Grado de implicación cas actividades do Centro.

Non ten celebrado ningunha actividade no centro.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi completa, aínda que mixtura as accións do Mediador Social do Pobo xitano en Galicia, en datas anteriores a da creación da asociación polo que non poden ser tidas en conta por non adecuarse as bases do concurs.

Oódense suliñar algúns apartados das funcións realizadas no ano 2007::

• Plans de mediación e integración do pobo xitano nso apartados de:

2. Retornados.

3. Reinserción de presos e emprego para personal dependentes.

• Programas de formación:

5. Formación cara a busca de emprego.

6. Formación ocupacional dos vendedores ambulantes..

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista cos criterios establecidos no 2007, no relativo a formación e inserción.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

Non aporta documentación.

8.- Outras circunstancias para valorar.

O seu traballo centrase na integración socio-laboral do pobo xitano, de importante prersenza na cidade de Vigo. Ten escasa colabouración nas actividades co Concello e outras asociacións.

Amnistía Internacional.

1.- Número de socios:

46.379 no estado español e 505 en Vigo.

2.- Antigüidade da asociación:

1994

3.- Ámbito da entidade:

Estatal.

4.- Grado de implicación cas actividades do Centro.

Non ten celebrado ningunha actividade no centro.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi completa de xeito cronolóxico, ademais da parametrización do grao de cumprimento dos obxectivos e metas das actividades desenvolvidas.

Na memoria pódense suliñar enre outros os seguintes aspectos:

• Establecemento do obxectivos parametrizados.

• Evaluación continua do cumprimento do plan anual.

• Orzamentos por programas.

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista cos criterios establecidos no 2007, aínda que fai incapé en campañas de violencia de xénero e na educación en dereitos humanos.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

O orzamento do ano 2007 é de 15.410,20 € dos que teñen previsto unha aportación por parte de organismos e entidades de 720,00 €.

Tendo en conta estes datos o nivel de financiamento externo da asociación é do 95,33·%.

8.- Outras circunstancias para valorar.

O seu traballo é de amplo espectro, xa que as súas actividades abarcan desde a realización de campañas contra violencia en xeral e a de xénero en particular, pasando pola súa presenza contra violación dos dereitos humanos, á guerra, etc. Colabora ocasionalmente co Concello e outras asociacións de diverso ámbito

Conforme ao detalle do Anexo I, e resumo do informe as puntuacións totais obtidas son as seguintes, por orde de puntuación:

1. Asociación de Comerciantes "Vigo Vello"	32,42
2. Rede Mulleres Veciñais contra os malos tratos	30,54
3. Amnistía Internacional	28,00
4. Asociación Mediación Social de Galicia	18,00

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a valoración obtida polas asociacións presentadas as dúas de maior puntuación que son a Asociación de Comerciantes "Vigo Vello" con 32,42 puntos e que solicita o despacho F de 15,33m² e o almacén F' de 4,73 m² e a Asociación Rede Mulleres Veciñais contra os malos tratos con 30,54 puntos e que solicita o despacho C de 23,58 m², PROPOÑO á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º Autorizar á Asociación de Comerciantes "Vigo Vello" a ocupación e uso privativo dos locais sinalizados como F (despacho de 15,33 m²) e F' (almacén de 4,73 m²) no "Viveiro de Asociacións" do Centro Cívico "Casco Vello" de Vigo, sito na rúa Oliva núm. 12, ata o 31 de decembro de 2016, con unha cota de participación anual de 1.279,00 €.

2º Autorizar á Rede Mulleres Veciñais contra os malos tratos a ocupación e uso privativo do local sinalizado como C (despacho de 23,58 m²) no "Viveiro de Asociacións" do Centro Cívico "Casco Vello" de Vigo, sito na rúa Oliva núm. 12, ata o 31 de decembro de 2016, con unha cota de participación anual de 1.502,00 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(43).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO E GOCE DE ESPAZOS DE USO PRIVATIVO NO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS "SAN FRANCISCO". EXPTE. 3335/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 10.01.07, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2007, aprobou as bases de adxudicación do concurso para a autorización do uso e goce de espazos privativos no Viveiro de Asociacións "San Francisco".

O B.O.P.de Pontevedra, publicou a convocatoria o día 16 de outubro de 2007, establecendo un prazo de 15 días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación, conforme establece a cláusula vixésimo terceira, prazo que rematou o 3 de novembro de 2007.

Na data de remate do prazo, presentáronse as asociacións seguintes:

- Emaus Fundación Social.
- Asociación Cultural Recreativa "Sociedad Oliva".
- Plan Comunitario Casco Vello

- Asociación de Mediación Social de Galicia.
- Club San Roque Casablanca.
- Asociación pro-lactancia materna “Deleite”.

Con data 6 de novembro de 2007, fora do prazo establecido presentou solicitude a Asociación Mulleres Cerámicas, polo que non pode ser tida en conta ao incumplir as bases do concurso.

Unha vez estudiada a documentación presentada observase o seguinte:

Emaus Fundación Social.

1.- Número de socios:

É unha Fundación.

2.- Antigüidade da asociación:

2006.

3.- Ámbito da entidade:

Estatal.

4.- Grado de implicación nas actividades do barrio.

Nos últimos dous anos, ven desenvolvendo a maior parte das súas actividades no Centro Cívico do Casco Vello, nos seus espazos comúns (salón de actos, sala de reunións), co desenvolvemento de cursos de formación, reunións e assembleas de asociados, presentación de campañas de divulgación e difusión de actividades, etc, como no uso esporádico do espazo privativos cedido á Asociación Galega de Lupus para xestión administrativa puntual.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi completa, na que se inclúe o análise do grado de cumprimento dos obxectivos previstos e na que pódense suliñar os seguintes apartados:

- *Proxecto Tesela de acompañamento e dinamización de competencias socioprofesionales, que contén:*
 - *Obradoiros de mellora de competencias socioprofesionales.*
 - *Plan de mellora de competencias sociopersonales e prelaborales.*
- *Xornada pública sobre “Muller e Medioambiente”, del proxecto “Conta con Elas” de la Mancomunidad del Área Intermunicipal de Vigo.*

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista en algún apartado xa que está previsto a continuación do proxecto Tesela e, ten servicios novidosos como o servizo “Entretanto Entretente” que é un servizo de apoio persoal para a conciliación da vida familiar, para persoas con riesgo de exclusión social.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

O seu financiamento é resultado de convenios coas administracións autonómica e Local.

8.- Outras circunstancias para valorar.

O ámbito de actuación nas memorias incide na poboación desempregada e con riesgo de exclusión, preferentemente perceptoras del RISGA, e que son derivadas desde o equipo técnico do II Plan de Inclusión do Concello de Vigo, colaborando ademais na celebración de actividades no Centro Cívico “Casco Vello” e coa MAIV e a Fundación Caixanova.

Asociación Cultural Recreativa “Sociedad Oliva”

1.- Número de socios:

77 individuais.

2.- Antigüidade da asociación:

1989

3.- Ámbito da entidade:

Local.

4.- Grado de implicación nas actividades do barrio.

Ten unha serie de actividades de índole xeneralista, con escasa participación e impricación no barrio.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi escueta, xeneralista e incompleta, xa que si expón a realización de sete

actividades non indica datas, emprazamento, etc. Carece de metodoloxía e indicadores.

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente xeral con obxectivos similares aos establecidos no 2007, aínda que propoñen unha metodoloxía baseada en indicadores nas actividades, non moi claros e que non se axustan as necesidades.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

Indica un presuposto de ingresos total correspondente ao ano 2007 é de 8.260,00 € dos que 6.000,00 € corresponden a subvención da Fundación Barrié de la Maza, aínda que no programa de títeres indica a subvención do Concello por importe de 4,000,00 €, polo que o mesmo é de 12.260,00.

Tendo en conta o anterior o financiamento externo é do 67,37 %.

8.- Outras circunstancias para valorar.

A súa actividade está directamente relacionada coa realización de actividades lúdico culturais, con escasa colaboración con Concello de Vigo e colaboura con dúas organizacións sociais na celebración das mesmas.

Asociación de Mediación Social de Galicia

1.- Número de socios:

Non indica.

2.- Antigüidade da asociación:

2007

3.- Ámbito da entidade:

Autonómica.

4.- Grado de implicación cas actividades do Centro.

Non ten celebrado ningunha actividade no barrio.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi completa, aínda que mixtura as accións do Mediador Social do Pobo xitano en Galicia, en datas anteriores a da creación da asociación polo que non poden ser tidas en conta por non adecuarse as bases do concurs.

Pódense suliñar algúns apartados das funcións realizadas no ano 2007::

- Plans de mediación e integración do pobo xitano nso apartados de:
 2. Retornados.
 3. Reinserción de presos e emprego para personal dependentes.
- Programas de formación:
 5. Formación cara a busca de emprego.
 6. Formación ocupacional dos vendedores ambulantes..

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista cos criterios establecidos no 2007, no relativo a formación e inserción.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

Non indica.

8.- Outras circunstancias para valorar.

O seu traballo centrase na integración socio-laboral do pobo xitano, de importante presenza na cidade de Vigo.

Plan Comunitario “Casco Vello”.

1.- Número de socios:

12 colectivos do Barrio Histórico.

2.- Antigüidade da asociación:

1995

3.- Ámbito da entidade:

Local.

4.- Grado de implicación nas actividades do barrio.

Todas as súas actividades realízanse no Barrio Histórico..

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria moi completa aínda que xeneralista, aínda que presenta un importante grao de indicadores e cumprimento de obxectivos.

As actividades desenvolvidas abarcan diversos aspectos como:

- a) Saude, con programas de prevención de drogodependencias, inserción social, contaminación acústica, etc.
- b) Educación con obradoiros para nenos e nenas, pais e nais, etc.
- c) Vivenda co censo de vivendas de aluguer, aseoramento paraa rehabilitación.
- d) Emprego, coin programas de formación, asesoramento e integración para inmigrantes.
- e) Cultura e eventos deportivos, festas, etc.

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista cos programas establecidos no 2007, mantendo os indicadores de avaliación das actividades e programas.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

O orzamento do ano 2007 é de 29.126,89 € dos que teñen previsto unha aportación por parte de unha fundación de 8.000,00 €.

Tendo en conta estes datos o nivel de financiamento externo da asociación é do 28,46-%.

8.- Outras circunstancias para valorar.

O seu traballo desenvolvido nos programas abarca a moitos aspectos, xa que as súas actividades inciden en aspectos relacionados coa saúde, a formación, o emprego, a integración, etc e, contan coa colaboración en moitas delas co Concello de Vigo e outras organizacións sociais.

Club San Roque Casablanca

1.- Número de socios:

168.

2.- Antigüidade da asociación:

2000

3.- Ámbito da entidade:

Local.

4.- Grado de implicación nas actividades do barrio.

Todas as súas actividades realízanse fora do Barrio Histórico ao carecer este de instalacións deportivas apropiadas.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria na que indica a relación de actividades relacionadas todas elas co fomento do fútbol base, con obxectivos xerais e sin indicadores de seguimento.

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista co programa do 2007, mantendo os indicadores de avaliación das actividades de xeito xeneralista, sin indicadores de seguimento.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

O orzamento do ano 2007 é de 49.988,50 € dos que teñen previsto subvencións das AA.PP. polo importe de 21.148,00 €.

Tendo en conta estes datos o nivel de financiamento externo da asociación é do 57,69-%.

8.- Outras circunstancias para valorar.

Colabora co Concello de Vigo na celebración de un torneo de ámbito local.

Asociación Pro-lactancia Materna “Deleite”

1.- Número de socios:

16.

2.- Antigüidade da asociación:

2003

3.- Ámbito da entidade:

Local.

4.- Grado de implicación nas actividades do barrio.

A maioría das súas actividades realízanse no Barrio Histórico e nos espazos de uso común do Centro Cívico “Casco Vello”.

5.- Memoria 2007:

Presentan unha memoria na que indica a relación de actividades relacionadas todas elas co fomento da lactancia materna, nas que se poden diferenciar:

5. Actividades de difusión e información:

1. Atención telefónica e domiciliaria.

2. Asesoramento no uso de utensillos para facilitar a lactancia, no domicilio, hospitais e centros de saúde.

3. Ciclos de conferencias sobre maternidade, paternidade e crianza.

6. Formación

1. Curso de “Lactancia materna”

2. Seminarios de salud holística e materno infantil.

3. Obradoiro “A naturexa do nacemento”

4. Etc.

Establecen un grao de cumprimento de obxectivos aínda que non establecen indicadores e a metodoloxía e xeralista.

6.- Programa 2008.

O programa previsto para o 2008, é claramente continuista co programa do 2007, mantendo os obxectivos aínda que definindo os mesmos máis claramente que na memoria de 2007, non utilizan indicadores e a súa metoloxía basease no usos dos medios tradicionais de seguimento.

7.- Grado de financiamento externo da asociación.

Ao non ter subvención de ningnha Administración pública o nivel de financiamento externo da asociación é do 100,00 %.

8.- Outras circunstancias para valorar.

Colabora co Concello de Vigo na celebración das actividades de formación e participación no Centro Cívico do “Casco Vello” e ten unha relación continua con asociacións con obxectivos similares de Galicia e Méxio, así como outras relacionadas transversalmente como as de masaxe infantil, médicos, etc.

Polo anteriormente exposto e unha vez valoradas as solicitudes presentadas, según detalle do Anexo I, conforme aos criterios de adjudicación da cláusula vixésimo sétima, e tendo en conta o resumo seguinte que a continuación se detallase asignaron as seguintes puntuacións:

	Emaus Fundación Social	Asociación Cultural Recreativa “Sociedad Oliva”	Plan Comunitario Casco Vello	Asociación Mediación Social de Galicia	Club San Roque Casablanca	Asociación pro- lactancia materna “Deleite”
Nº de socios	2,00	2,75	4,00	0,00	6,00	0,57
Traxectoria e antigüidade	0,33	6,00	4,00	0,00	2,33	1,33
Ámbito	1,00	4,00	4,00	3,00	4,00	4,00
Grado de	7,00	2,00	10,00	1,00	0,00	8,00

impricación no barrio						
Memoria 2007	6,00	2,00	4,00	5,00	3,00	4,00
Memoria 2008	6,00	2,00	4,00	5,00	3,00	4,00
Grado de financiamiento externo	0,00	4,04	1,71	0,00	3,46	6,00
Outas circunstancias	4,00	1,00	5,00	5,00	4,00	4,00
TOTAL	26,33	23,79	36,71	19,00	25,79	31,90

Locais solicitados e orde de preferencia e puntuación obtida:

	Plan Comunitario Casco Vello	Asociación pro-lactancia materna "Deleite"	Emaus Fundación Social	Club San Roque Casablanca
Despacho A	1	1	1	1
Despacho B	3	3	3	3
Despacho C	4	4	4	4
Despacho D	2	2	2	2
Local asignado	Despacho A	Despacho D	Despacho B	Despacho C

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a valoración obtida polas asociacións presentadas as catro de maior puntuación que son Plan Comunitario do Casco Vello con 36,71 puntos, a Asociación pro-lactancia materna "Deleite" con 31,90, Emaus Fundación Social con 26,33 e Club San Roque Casablanca con 25,79, así como ás preferencias nas peticións de uso de locais, PROPOÑO á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Autorizar ás seguintes asociacións a ocupación e uso privativo dos locais que se detallan no "Viviero de Asociacións 'San Francisco'" ata o 31 de decembro de 2017:

1.- Plan Comunitario Casco Vello, "Despacho A" con unha superficie útil de 28,60 m² e unha cuota de coparticipación anual de 548,00 €.

2.- Asociación pro-lactancia materna "Deleite", "Despacho D" con unha superficie útil de 25,98 m² e unha cuota de coparticipación anual de 407,78 €.

3.- Emaus Fundación Social, "Despacho B" con unha superficie útil de 19,52 m² e unha cuota de coparticipación anual de 374,00 €.

4.- Club San Roque Casablanca, "Despacho C" con unha superficie útil de 19,52 m² e unha cuota de coparticipación anual de 374,00 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(44).- ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA DOS CENTROS CÍVICOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 1337/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o

21.12.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Imes API, S.A.” o concurso para a contratación da prestación de servizos de atención ao público e conserxería dos centros civicos dependentes da Concellería de Participación Cidadá. (expte. 1337-321 por un importe de 89.775 euros/ano e un prazo de execución de dous anos. Todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 15-10-2007 e a oferta presentada .

10(45).- RECLAMACIÓN DE D. GUILLERMO ANTONIO BARREIRO VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1358/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 10.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Guillermo Antonio Barreiro Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 26.12.2006 no que expón que o día 30.11.2006 o vehículo da súa propiedade, con matrícula PO-5928-BH, estando estacionado na rúa Rocío, á altura do núm. 60, sufriu danos materiais por mor dun colector de lixo que se incendiara.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía local de data 30.11.2006 no que os axentes actúantes manifestan, que persoados no lugar comprobán como o incendio dun colector de lixo afectaba ó vehículo do Sr. Barreiro; igualmente, indican descoñecer quen puido prender lume ós colectores da zona.*
- Informe do Servizo de parque móbil sobre os prezos contidos no orzamento de Talleres Arnela presentado polo reclamante, por un importe de 827 euros, IVE engadido.*
- Informe do Servizo de bombeiros, de data 13.2.2007, sobre a intervención realizada no lugar e data sinalados.*
- Informe do Servizo de limpeza, de data 20.2.2007, que confirman o incendio do colector, e no que indican descoñecer ós causantes do incendio dos colectores.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos*

públicos.

- Que non sexa producto de forza maior.

Segundo.- Procede, polo tanto, verificar, en primeiro lugar, a existencia dun dano e que este é avaliábel economicamente. E así, do parte de servizo da Policía local de Vigo de data 29.1.2007 os axentes actuantes comprobán que a consecuencia do incendio dos colectores de lixo á altura do núm. 60 da rúa Rocio, o vehículo marca Opel, modelo Astra, con matrícula PO-5928-BH, resultou danado na súa parte frontal. O reclamante presenta orzamento de reparación de eses danos de Talleres Arnela por un importe de 827 euros, IVE engadido.

Terceiro.- A xurisprudencia do Tribunal Supremo ten reiterado que a responsabilidade da Administración ten un carácter obxectivo, isto é, configúrase como de resultado, bastando para apreciála un nexo de causalidade entre o funcionamento dun servizo público e o dano causado.

Polo tanto cómpre acreditar a concorrencia dun nexo ou relación por vinculación causal entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Do exame do expediente, resulta que tanto informe da policía local que acudiu ó lugar o día do sinistro así como do resto da documentación solicitada e achegada acredítase que a causa que orixinou o incendio non ten orixe interna na propia prestación do servizo público de recollida de lixo ou suministro de colectores, senón que é unha causa externa a este, e desbotada a consecuencia dunha combustión espontánea ó ser de noite, o que de todos os xeitos sería moi improbable, parece ser que un terceiro, ben intencionada ou imprudentemente botou fogo ó colector de lixo. Neste senso, é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro a determinante do dano producido (STS 29/03/1999, 16/11/1998 entre outras; ditame do Consello Consultivo de Galicia de 08/03/2001 en suposto similar).

Cuarto Polo tanto, sentado que a Administración foi allea á orixe do incendio, o que así mesmo admite a solicitante, ó tratarse dun risco que procede dun terceiro, procede examinar se houbo un incumprimento desta das súas obrigas de prevención e extinción.

E así ten dito o Tribunal Supremo (STS 04/05/1998), que a asunción pola Administración de determinadas competencias non a converte en responsábel de todos os feitos que de relación con elas acaezan, posto que non cabe considerar que o vixente sistema de responsabilidade patrimonial obxectiva das Administracións Públicas convirta a estas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa derivada da actividade dos administrados, polo só feito de que exercen competencias no sector, porque do contrario transformaríase aquel nun sistema providencialista, non contemplada no noso ordenamento xurídico.

As sentenzas do Tribunal Supremo de 07/10/1997 e 03/12/2002 residencia a relación causal no estandar de rendemento ofrecido polo servizo público para evitar situacións de risco patrimonial ós usuarios das vías públicas.

No expediente non consta dun xeito fehaciente a hora na que o incendio comezou. O parte de servizo da Policía Local, ó respecto, di que sobre as 05:25 horas recibiron un comunicado da Emisora Central de que un colector se atopaba ardendo na rúa Rocío núm. 3, polo que persoaronse no lugar comprobando tal feito, e posteriormente se lles informou que nestaban ardendo outros colectores na rúa Rocío núm. 60 polo que acudiron a ese lugar e comprobaron os danos causados, desochoñecendo quen lles prendeu lume e sendo sofocados os incendios polos bombeiros, feito este último que se confirma no informe do Servizo de bombeiros que di que acudiu ó lugar persoal do parque auxiliar de Balaidos, estando presentes a policía local e a nacional. Se ben hai un desfase de case 5 minutos entre ambos informes, a escasa diferenza considérase irrelevante, por canto o que resulta fundamental é a constatación de que a intervención de ambos os dous servizos foi rápida, case instantánea, unha vez avisados, dispoñendo dos medios materiais e persoais necesarios ó efecto, polo que a vixilancia foi correcta tal e como se deduce da reacción ante o suceso.

Quinto.- Consecuentemente co anterior, acreditado no expediente que a reclamante sufriu uns danos a consecuencia da actuación dun terceiro e que os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial pola falta do nexo causal necesario entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Guillermo Antonio Barreiro Vázquez en relación ós danos materiais no vehículo da súa propiedade matricula PO-5928-BH, sufridos polo incendio duns colectores de lixo á altura darúa Rocío núm. 60, ocasionados o día 30 de novembro de 2006, por falta do nexo de causalidade entre os danos padecidos e o funcionamento do servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(46).-RECLAMACIÓN DE D. MIGUEL CHAPELA BARROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1361/243.RESPONSABLE UTE AQUALIA FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 14.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Miguel Chapela Barros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26.12.2006, no que expón que o día 18.8.2006 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 2393-BMS pola rúa Colón na súa confluencia coa rúa Rosalía de Castro e tivo un accidente ó pasar por enriba dun sumidoiro cuxa tapa se atopaba fora do seu sitio, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 18.8.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Chapela relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban a existencia de danos no vehículo e a tapa do sumidoiro que se atopaba fora do seu lugar.*
- Informe da UTE Aqualia- FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas de data 27.2.2007.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 9.4.2007, manifestando que os prezos contidos na factura de Talleres Ogando, S.L., presentada polo reclamante, por un importe de 793,71 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 21.6.2007.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que fai alegacións en data 29.5.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa producto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, de conformidade co parte de servizo da Policía Local de Vigo que acudiu ó lugar resulta acreditado que o interesado sufriu danos no seu vehículo producidos por unha tapa de sumidoiro que se atopaba fora do seu lugar, danos obxecto de reparación por un importe de 793,71 euros IVE engadido.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Miguel Chapela Barros.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 793,71 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(47).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL PÉREZ CIMA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1362/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 14.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Pérez Cima presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.12.2006 no que expón que o día 19.12.2005 , o seu fuillo don Marcos Pérez Baqueiro circulaba vehículo de súa propiedade, matrícula PO-3112-BK, pola Ronda de don Bosco na súa confluencia coa rúa Eduardo Iglesias e, éste sufriu danos a consecuencia de golpear contra o bordo da beirarrúa que se atopaba movido.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación de data 19.12.2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Pérez Baqueiro relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobán a existencia do bordo desprazado.*
- *Informe do Servizo de Parque Móbil, de 20.2.2007, comunicando que os prezos contidos na factura núm. 126 de Rayco Autocentro, presentado polo reclamante, por un importe de 245,92 euros IVE incluído, son correctos.*
- *Práctica de proba testifical, con data 3.7.2007, á testemuña proposta polo reclamante, que é o condutor do vehículo.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras de data 14.2.2007 sobre o lugar no que ocorreu o accidente.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 23.7.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa producto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordeamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Deste xeito, de conformidade coas dilixencias a prevención por accidente de circulación a Policía Local, que acudiu ó lugar con posterioridade ó lugar, a requirimento do condutor , resulta que éstos que fan reseña de que á súa chegada o vehículo atopábase fora sa súa posición inicial, recollen as propias manifestacións do condutor, o que indica que o bolardo atópabase noutra posición diferente, máis introducido na calzada e que se ben o observou ó realizar o xiro para introducirse na calzada non puido evitar golpear o vehículo. Os axentes actuantes fan constar que non observan danos no vehículo aínda que recollen as manifestacións do condutor de que posibelmente ten a dirección danada.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Se ben inicialmente se reclama por un valor de 245,92 euros segundo factura de data 27.1.2006, posteriormente se amplia cunha factura de data 11.12.2006, case un ano posterior á aquela e que non se acredita se refira ós mesmos feitos, por importe de 594,13 euros.

Neste senso, non resulta acreditado que os danos no vehículo PO-3112-BK que o solicitante refire producíronse co bolardo, e tampouco as circunstancias nas que o accidente tivo lugar, se o bolardo se atopaba desprazado na calzada do xeito que o condutor afirmou ou se se desprazou a consecuencia do accidente, por canto nin a Policía local observou os danos que se mencionan nin hai testemuñas directas, alleas ó incidente, do acontecido, xa que a testemuña que se presenta é o propio condutor do vehículo, persoa que reclamou en primeiro lugar tal e como afirma a policía local que lle identifica como reclamante. Polo tanto, non resulta probado que os danos reclamados estén relacionados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Pérez Cima, por non

corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(48).- RECLAMACIÓN DE D. JACINTO SABUGUEIRO BARREIROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1353/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 10.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Jacinto Sabugueiro Barreiros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 19.12.2006, no que expón que o día 27.11.2006, cando circulaba pola rúa Gran vía, na súa confluencia coa rúa Urzaiz, o vehículo da súa propiedade, con matrícula 9250-CLW, sufriu unha serei de danos materiais tras pasar por unha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do Servizo da policía local de data 28.12.2006 no que manifestan non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 1.2.2007, no que indican que a focha que o reclamante di que causou o accidente e aparece nas fotos que el achega correspondía a unha tapa de rexistro de augas fora de rasante.*
- c) Informe do Servizo de parque móbil sobre os prezos contidos na factura achegada polo reclamante.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 14.6.2007.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 2.4.2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- No expediente solicitouse informe ó Servizo de vías e obras sobre o defecto que o reclamante di causante dun accidente no seu vehículo, informe que, emitido o 1.2.2007 indica que a focha á que se refire correspondía a unha tapa de rexistro de augas fóra de rasante.

O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.l e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, solicitouse informe á Policía local, por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que non teñen constanza ningunha deles. Á vista da póliza de seguro achegada que establece a cobertura por danos propios cunha franquía de 450,76 euros tampouco se acredita se o reclamante recibiu indemnización algunha da compañía aseguradora polo accidente, que tería necesariamente que descontarse do total dos danos solicitado. Así mesmo, tal e como resalta a concesionaria Aqualia, é preciso destacar as propias manifestacións do interesado consonte tivo que cambiar as dúas rodas do lado dereito por canto o contrario repercutiría gravemente na seguridade da conducción por canto produciríase unha inestabilidade debido ás diferenzas de

desgaste, co que parece deducirse que esa situación de desgaste, caso de acreditarse o accidente, puido ter influído nel.

Non obstante, o reclamante non achega proba ningunha de que os danos obxecto de reparación do vehículo o foran a consecuencia das circunstancias que indica. As manifestacións do interesado como única proba, segundo ten dito o Consello Consultivo de Galicia (ditame 461/2006 entre outros) non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións xustifiquen verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. Por todo o que procede desestimar a reclamación efectuada. Polo tanto, non hai ningún dato no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Jacinto Sabugueiro Barreiros por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(49).- RECLAMACIÓN DE D.ELISA GÓMEZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1359/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 11.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Elisa Gómez Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26.12.2006, no que expón que o 11.11.2006, mentres camiñaba pola rúa Pi y Margall á altura do núm. 70 sufriu unha caída tras tropezar cun alcorque, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites

- Informe do servizo da policía local, de data 9.1.2007, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do Servizo de montes, parques e xardíns, de data 18.1.2007, no que indican que dos posibles danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- Práctica de proba testifical, en data 6.7.2007, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Gómez.*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 2.602,35 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 22.7.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 3.8.2007.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime

Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, resulta acreditado que a solicitante caeu o día 11 de novembro de 2006 na rúa Pi y Margall, ó tropezar cun alcorque no que faltaba un arbol, recibindo asistencia médica por lesións que se valoran no ditame médico solicitado ó efecto en 2.602,35 euros.

Terceiro.- Segundo o informe do Servizo de montes, parques e xardíns caso de acreditarse o preciso nexo causal tería que responder dos danos causados a empresa concesionaria Cespa, S.A., de acordo co punto XX II do prego de condicións administrativas de conservación e reposición de zonas verdes.

A Xunta de Goberno local acordou adxudicar a Cespa S.A., na súa sesión de 29 de marzo de 2005, o concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación, formalizándose o contrato o 6 de xuño de 2005 en documento onde Cespa S.A. compromete á prestación do servizo con estrita suxeición ós pregos de condicións aprobados.

Por outra banda o artigo 97 do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece como obriga do contratista a de indemnizar os danos e perdas que lle causen a terceiros as operacións de execución do contrato, salvo naqueles supostos do número 2 do mesmo artigo, correspondéndolle a Administración competente resolver tanto sobre a procedencia da indemnización como quen a debe pagar (artigos 123 da Lei de 16 de decembro de 1954, Lei de Expropiación Forzosa).

Cuarto.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento

dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditado que: a reclamante caeu nun alcorque do que faltaba un árbol e que segundo a testemuña proposta era visíbel a dous metros de distancia ou cosa así, tendo lugar os feitos segundo declarou sobre as 11:30 ou 12:00h da mañana, sendo de día e con boa visibilidade. Engadidamente, e conforme coa doutrina sentada polo Consello Consultivo de Galicia en ditame 291/2006, para un suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta e é que a reclamante reside “a carón” do defecto estrutural da vía, por cando ten o seu domicilio no núm 84 da rúa pi y Margall, polo que tiña que ser perfectamente coñecedora da existencia do alcorque.

Quinto.- Con independencia, de que non pode considerarse un defecto na rúa a existencia dun alcorque destinado a un árbol, o conteña ou non, de conformidade coa proba testifical practicada, así como fotografías que hai no expediente, resulta que dito alcorque era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito, polo que procede non estimar a reclamación de responsabilidade efectuada, da que sería responsábel Cespa S.A. pola falta da acreditación do necesario nexa causal entre a caída e a lesión en aplicación da doutrina citada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna.Elisa Gómez Rodríguez , por mor dos danos físicos sufridos a consecuencia dunha caída nun alcorque na rúa Pi y Margall o día 11 de novembro de 2006, por falta do preciso nexa causal entre o dano e o funcionamento dui servizo público municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(50).- RECLAMACIÓN DE D. AMADOR MARTÍNEZ OTERO E OUTROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1336/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 9.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Amador Martínez Otero, dona Marta e dona María José Martínez Alonso presentan reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello o día 4.12.2006, no que expoñen que o día 17.6.2006, dona Marta e dona Maria José circulaban co vehículo de propiedade de don Amador, con matrícula 2869-AM, pola estrada da Balsa, e perdeu o control do vehículo ó esvarar por mor da presenza dunha de terra e cortizas de árbore na vía, impactando contra unhas barreiras ó sairse da vía, causando danos materias ó vehículo e danos físicos ás dúas ocupantes.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, de data 17.6.2006, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar, se ben xa non se atopaban nel os ocupantes do vehículo, comprobaban os danos no vehículo e se poñen posteriormente en contacto coa condutora quen lles relata o accidente que tivera, facendo constar como circunstancias concurrentes a inexperiencia do condutor, a velocidade inadecuada ou excesiva e o estado da calzada.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 18.12.2006, no que indican que tras recibir unha chamada de aviso da Policía local, operarios da empresa contratada para a limpeza viaria dirixíronse ó lugar dos feitos para realizar a limpeza dunha substancia esvarada.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de 13.6.2007, manifestando que os prezos contidos na factura no informe pericial de Depsa presentada polo reclamante, por un valor de 3.060,44 euros IVE*

incluído son correctos, se ben non se puideron comprobar os danos producidos.

- *Dítame de valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica as lesións de dona Marta en 861,06 euros e de dona Maria José en 1418,98 euros.*
- *Informe da empresa Fomento de Construcciónes y Contratas, S.A., concesionaria do servizo de limpeza de data 16.2.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións o 6.7.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- No que respecta á realidade do dano e maila a súa cuantificación económica é preciso ter en conta as seguintes circunstancias:

Respecto ós danos no vehículo: se ben hai un informe pericial no expediente o reclamante non achegou factura do importe real da súa reparación, a pesares do tempo transcorrido dende o accidente.

Respecto ós danos corporais das ocupantes do vehículo, éstos se avalían no dítame solicitado ó efecto en 861,06 euros e 1.418,98 euros respectivamente. Nas dilixencias que levantou a policía local á consecuencia do accidente consta que a condutora manifestou que iba a levar á súa irmá ó traballo. Polo que caso de acreditarse o preciso nexo causal entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal e que dona Maria Jose Martínez Alonso a consecuencia do accidente percibira prestacións por incapacidade, de acordo coas últimas sentenzas do Xulgado contencioso-administrativo núm 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007 de 7 de maio), que aplica o criterio sinalado polo Tribunal Supremo na súa sentenza de data 30.1.2006, sería preciso ter en conta as cantidades percibidas nese concepto, así como aquelas que no seu caso se puidesen ter percibido do seguro do vehículo, co obxecto de minorar a indemnización a que tería dereito, posto que en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto.

Terceiro.-Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun

inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

A xurprudencia do Tribunal Supremo ten reiterado que a responsabilidade da Administración ten un carácter obxectivo, isto é, configúrase como de resultado, bastando para apreciala un nexo de causalidade entre o funcionamento dun servizo público e o dano causado, polo que resulta preciso acreditar o dito nexo causal. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). E así do exáme do expediente e principalmente das dilixencias da policía local que acudiu ó lugar ás 7:30 da mañana, e posteriormente recolleu as manifestacións da condutora do vehículo, resultan os seguintes feitos:

- a) Consta acreditado que no tramo de carretera onde tivo lugar o accidente á esa hora, 7:30 da mañana, había restos de area, terra, follas e cortezas de árbores, comprobando os axentes actuantes que ditos restos procedían da ladeira do monte e que chegaron á calzada arrastrados polas correntes das chuvias torrenciais caídas o día anterior.*
- b) Como factores concorrentes os axentes actuantes fan constar ademais do mal estado da calzada a inexperiencia do condutor, así como na primeira folla das dilixencias a velocidade inadecuada ou excesiva. Por outra banda, segundo as propias declaracións á policía da condutora esta atopábase cansada e un pouco dormida*

Apreciada estas circunstancias na condutora, que enlazan directamente co resultado lesivo por canto entre outras unha velocidade adecuada puidese ter impedido este, o Tribunal supremo ten considerado como feitos que determinan a ruptura do nexo de causalidade a gravísima negligencia da vítima, sempre que esta circunstancia fose determinante da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.

Ademais en supostos como éste no que a consecuencia de factores atmosféricos concorrentes o risco aparece dun xeito inmediato e imprevisibel a xurprudencia residencia a relación causal no estándar do rendemento ofrecido polo servizo público para evitar situacións de risco patrimonial ós usuarios das vías públicas, e no expediente hai constancia de que os servizos públicos de limpeza do Concello actuaron con prontitude e dilixenza unha vez advertido o risco creado.

De acordo coa mencionada doutrina todas estas circunstancias fan que crebe a relación de causalidade que necesariamente debe mediar entre o dano e un servizo público, ó non quedar acreditado que aquel proveña deste.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Amador Martínez Otero, dona Marta e dona Maria José Martínez Alonso, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(51).- RECLAMACIÓN DE D. TARSILA GESTEIRO ÁLVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1157/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 26.12.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o

seguinte:

ANTECEDENTES

Dona Tarsila Gesteiro Álvarez presenta en data 14.12.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída na rúa Pizarro de Vigo.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procedo admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sinteticamente en que a interesada non se atopa de acordo coa resolución que se recorre por canto di que presentou partes médicos e fotos.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal e ademais que os danos que se reclaman o son a consecuencia de dita caída, por canto non se probou no expediente que a solicitante caera no lugar que indica, a consecuencia de defectos na beirarrúa, e que os danos dos que recibiu asistencia médica o foran a consecuencia de dita caída.

Sinalar que nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo, o que non tivo lugar neste expediente.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, proponse á xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Tarsila Gesteiro Álvarez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de lesións causadas nunha caída na rúa Pizarro o día 16 de xullo de 2006 e confirmala integramente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(52).- RECLAMACIÓN DE D. EUSTASIO TEJEDOR TEJEDOR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1254/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 3.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Eustasio Tejedor Tejedor presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 10 de outubro de 2006, no que expón que o día 12 de maio de

2006, mentres camiñaba pola rúa avda. García Barbón á altura do núm. 133, sufriu unha caída por tropezar nunha chapa metálica de obra que cubría parcialmente unha focha existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A tramitación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 12 de maio de 2006 no que os xentes actuantes manifestan que requiridos polo reclamante, este lles manifestou o seu tropezo contra unha chapa metálica que se atopaba no lugar, comprobando como a chapa atopábase un pouco desprazada deixando unha esquina da focha ó aire.
- Informe do Servizo de vías e obras do Concello de data 17 de novembro de 2006 que di que no lugar do presunto accidente había unha arqueta de Unión Fenosa coa tapa rota, polo que colocaron unha chapa metálica de xeito provisiona, e que no seu día un inspector de mesmo servizo ó observar dita chapa fixo as xestións necesarias para que a retiraran.
- Práctica de proba testemuñal ás persoas propostas polo reclamante en data 18 de xullo de 2007.
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.905,40 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en datas 21 de agosto e 28 de novembro de 2007.
- Evacúase trámite de audiencia a Unión Fenosa Distribución, S.A.. que fai alegacións o 5 de novembro de 2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente.

No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima ou a intervención dun terceiro alleo á

Administración, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *Don Eustasio Tejedor Tejedor recibiu asistencia médica en data 12.5.2006 por lesións a consecuencia dunha caída na rúa, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 2.905,40 euros.*
- *De conformidade coa proba testemuñal parcticada e documentación obrante no expediente a caída tivo lugar na rúa García Barbón de Vigo, á altura do seu núm.133, ó tropezar don Constantino Pérez nunha chapa que tapaba un rexistro, un oco que había nel.*
- *Consonte co informe emitido pola Inspección de vías e obras do Concello, e que consonte co art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, serve de motivación a esta resolución, constátase que Unión Fenosa e a responsable da colocación de dita chapa no lugar por canto no citado informe se di que a chapa, que medía 1,00 x 0,90 m e podía verse a mais de 10 m, atopábase na beirarrúa no lugar onde había unha arqueta de Unión Fenosa coa tapa rota e por ise motivo a colocaron de xeito provisional, e no seu día un inspector de vías e obras ó observala fixo as xestións necesarias para que dita empresa a retirara.*

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, senon que a caída tivo lugar nunha chapa colocada no lugar por un terceiro, neste caso Union Fenosa Distribución, S.A. para tapar unha arqueta dela que tiña a tapa rota.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Eustasio Tejedor Tejedor por lesións debidas a unha caída ocorrida o día 12 de maio de 2006 na rúa García Barbón á altura do núm. 133, ó pisar nunha chapa que había no lugar, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(53).- RECLAMACIÓN DE D. ARGENTINA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. RESPONSABLE UTE CONTENUR S.L./OTTO INDUSTRIAL S.A. EXPTE. 1339/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 9.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Argentina Rodríguez Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de decembro de 2006 no que expón queese mesmo día, circulaba co vehículo de súa propiedade con matrícula PO-9544-BN pola rúa Couto de San Honorato que,

cando este foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándolle danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do Servizo de limpeza, de datas 19.12.2006 e 9.1.2007 indicando non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 12.1.2007, comunicando que os prezos contidos na factura núm. P/00008 de Talleres Cabalcar, S.L., presentada pola reclamante, por un importe de 538,74 euros IVE incluído, son correctos.*
- *Informe do Servizo da Policía local de data 25.1.2007 no que indican non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- *Práctica de proba testemuñal en data 22.3.2007 á testemuña proposta polo reclamante, operario do servizo de limpeza, que confirma os extremos alegados pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 14.5.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do Servizo de mantemento de colectores de lixo que fai alegacións en data 10.4.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do Servizo de limpeza e recollida de lixo, en data 20.4.2007, quen non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza mayor.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica e que a causa do choque foi o desprazamento polo vento do recolector de lixo, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son suministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, recolectores suministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos

fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:segundo a proba testifical practicada á testemuña proposta, operario do servizo de limpeza, este viu como o colector se desprazaba pola estrada, golpeando o vehículo, sendo as condicións climatolóxicas adversas.

Do anterior, resulta que sendo as condicións climatolóxicas adversas, sen que resulte acreditada non obstante ningunha causa de forza maior, o colector, foi desprazado por circunstancias da climatoloxía ata a calzada, topando co vehículo que circulaba polo lugar, polo que é obvio que nos atopamos ante un dano que é consecuencia directa do funcionamento dun servizo público que o particular non ten a obriga xurídica de soportar, ó non estar o colector debidamente freado.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.

Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, impoñen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel No mesmo senso pronúnciase o artigo 97 do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de respostar de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Polo exposto , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de Dna. Argentina Rodríguez Rodríguez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Contenur S.L./ Otto Industrial S.A., concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rixe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño , debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 538,74 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(54).- RECLAMACIÓN DE D. Mª ARACELI RODRÍGUEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1345/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral

do Servizo de Patrimonio, do 10.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Araceli Rodríguez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de data 14.12.2006, no que expón que o día 12.12.2006, mentres camiñaba pola rúa Camelias, á altura do núm. 16, tivo unha caída por mor do mal estado das lousas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 12.12.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos a Sra. Rodríguez relátalles o accidente que tivera, igualmente comprobando a falta dunha lousa na beirarrúa.*
- Informe do Servizo de vías e obras de data 15.1.2007 sobre o estado da vía na que a solicitante di que ocorreu o accidente.*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.859,50 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante en data 8.8.2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, o ditame médico solicitado ó efecto, e que consonte co art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26.11., serve de motivación a esta resolución, a reclamante recibiu en data 12 de decembro de 2006 asistencia médica en Povisa de lesións, que o médico informante di que polas lesións sufridas e baseándose no informe da Dra. Cima, de síndrome postraumático leve, estima que 60 días de curación serían un tempo adecuado para a súa recuperación, considerando a idade da lesionada e controis posteriores que non significan que precise tratamento específico para a lesión padecida, senón que precisará controis periódicos tanto polo seu médico de cabeceira como polo neurólogo, contando coa Atrofia córtico-subcortical propia da idade da paciente, valorando as lesións en 1.859,50 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo

público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Se ben a reclamante non presenta testemuñas dacaída, por canto a policía local acudiu ó lugar unha vez ocorridos os feitos, no atestado policial levantado ó efecto consta que foron requiridos para elo por unha persoa, da que non consta a súa identificación, que é a que primeiramente lles manifesta a uns metros mais adiante caera unha persoa a consecuencia dunha lousa fora do seu lugar que a policía identifica á altura do núm. 16 da rúa Camelias.

Do informe do Servizo de vías e obras que hai no expediente resulta que os defectos que había na beirarrúa ocupaban 1 m cuadrado e eran visíbeis a 10 m, observándose claramente nas fotografías que se achegan no mencionado informe, non constituíndo, polo tanto, un defecto ou trampa oculto, polo que consonte coa doutrina citada (dítame , 135/2006, 380/2006 CC Galicia en suposto similar) teríase que desestimar a reclamación presentada.

Non obstante, hai unha circunstancia que consta no expediente que atempera en parte o anterior: que é que Dna. Maria Araceli Rodríguez González é unha persoa maior. Cómpre indicar ó respecto a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal , tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos corporais estimada no ditame emitido pola Asesoría médica do Concello, isto é, coa cantidade de 929,75 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. M^a Araceli Rodríguez González por unha caída ocorrida o día 12 de decembro de 2006 na rúa Camelias, á altura do núm. 16 e indemnizala coa contía de 929,75 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(55).- RECLAMACIÓN DE D. ROI CID GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1340/243. RESPONSABLE UTE AQUALIZA FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 9.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Roi Cid González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de

entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 7.12.2006, no que expón que o día 22.10.2006 o vehículo de súa propiedade, matrícula 4070-CNN sufriu danos materiais ó pasar por enriba dun sumidoiro cuxa tapa se atopaba fora do seu sitio, na rúa Colón á altura do núm. 23, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 22.10.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos o Sr. Cid relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán os danos no vehículo.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 18.1.2007, manifestando que os prezos contidos na factura de Talleres Villa Grande presentado polo reclamante, por un importe de 833,66 euros IVE incluído son correctos.
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do Servizo de saneamento e abastecemento de augas de data 20.2.2007, no que indican que o colector que discorre polo lugar non presenta anomalías e que a tapa do sumidoiro puido desprazarse polas fortes choivas caídas.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, en data 22.6.2007 que non fai alegacións.
- Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que fai alegacións en data 22.6.2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estaa garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, de conformidade co parte de servizo da Policía Local de Vigo que acudiu ó lugar resulta acreditado que o interesado sufriu danos no seu vehículo producidos polo impacto dunha tapa de sumidoiro, danos que foron reparados por importe de 883,66 euros IVE engadido, que o Servizo de parque móbil estima correctos, sen que resulte acreditada causa ningunha de forza maior, circunstancia pola que procede estimar a solicitude presentada.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Roi Cid González.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 883,66 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(56).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO OUTOMURO DÍAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1258/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.12.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Antonio outomuro Díaz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 16.10.2006 no que expón que o día 2.10.2006, o vehículo da súa propiedade, com matrícula 0833-CCN, cando se atiopaba estacionado na rúa Johan Carballeira, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándolle danos materiais.

A reclamación sustánciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 23.10.2006, no que manifestan non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- Informe do Servizo de limpeza do Concello, de data 11.12.2006, indicando non teren constanza dos feitos reclamados.*
- Informe do Parque Móbil, de data 30.11.2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de chapistaria Bóveda S.L., presentado polo reclamante, por un importe de 197,20 euros IVE engadido, resultan razoabeis.*
- Cítase proba testemuñal para o día 17.1.2007, ás testemuñas propostas polo reclamante, proba que non se realiza debido á incomparecencia das testemuñas.*
- Evacuáse trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria da subministración e mantemento de colectores de lixo, que fai alegacións en data 6.2.2007.*
- Evacuáse trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida do lixo, que fai alegacións en data 22.2.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 13.2.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza mayor.*

Segundo.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son suministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados

na vía pública para o depósito de residuos sólidos, recolectores suministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das actuacións seguidas no expediente, resulta que: Non constan testemuñas presenciais do accidente, e tampouco consta intervención algunha nese día da policía local de Vigo. As concesionarias persoadas negan que ese día houbera forte vento, o que tampouco se desvirtúa no expediente.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesado, de que os danos no seu vehículo ocorreron nas circunstancias que el indica, isto é a consecuencia dun colector que o vento desprazou, , por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos, e éstos tampouco se constatan, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Polo exposto , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Antonio Outomuro Díaz por un impacto dun colector de lixo o día 2 de outubro de 2006 na rúa Johan Carballeira por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(57).- RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN MESESES ESTÉVEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1253/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.12.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Meneses Estévezl presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 10 de outubro de 2006, no que expón que o día 19 de maio de 2006, mentres camiñaba pola rúa Porriño á altura do núm. 18, sufriu unha caída por tropezar nun sinal de tráfico cortado existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 23.10.2006 no que manifestan non teren constanza dos feitos reclamados.*
- *Informe do Servizo de seguridade e circulación viaria de datas 6.11.2006 e 1.8.2007..*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.162,05 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 5.9.2007, que non formula alegacións.*

- Evacuase trámite de audiencia á Estación de Servicio Coya S.L. que fai alegacións o 12.9.2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente.

No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima ou a intervención dun terceiro alleo á Administración, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *Dna. Carmen Meneses Estevez recibiu asistencia médica en data 19.5.2006 por lesións consistentes nun esguince de nocello, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1.162,05 euros.*

- *No expediente non constan testemuñas presenciais do accidente e a policía local, segundo informa, tampouco ten coñecemento dos feitos que relata a reclamante.*
- *De conformidade cos informes do Servizo de seguridade e circulación viaria que hai no expediente o anaco de sinal onde a reclamante mdi que tropezou pertence a un sinal informativo dunha gasoliñeira que se atopa situada a 100m, que constaba no inventario dende antes do ano 1996, procedéndose á súa baixa o terse coñecemento da súa rotura e desaparición, correspóndendolle a responsabilidade dos feitos á gasoliñeira da rúa Baiona.*

Do exame do expediente, en especial informes do Servizo de seguridade e circulación viaria mencionados e que consonte co artigo 89.5 da lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, resulta que procede desestimar a reclamación efectuada por falta de proba do nexo causal entre as lesións polas que se reclama e o funcionamento dun servizo público municipal non só porque non hai ningunha proba de como sucederon os feitos e que as lesións o foron a consecuencia precisamente nun defecto na rúa por canto a estes efectos non son suficientes as propias manifestacións da reclamante, senón sustancialmente porque en todo caso as obrigas de mantemento e conservación de dito sinal onde presumibelmente tiveron lugar non lle correspondían ó Concello senón a un terceiro, neste caso á gasoliñeira mencionada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. Carmen meneses Estévez por lesións debidas a unha caída ocorrida o día 19 de maio de 2006 na rúa Porriño , por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(58).- RECLAMACIÓN DE D. ALFONSO FERNÁNDEZ DAPONTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1252/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.12.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Don Alfonso Fernández Daponte presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello 9.10.2006 , no que expón que, o día 28.9.2006 , mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, a altura do núm. 186, sufriu unha caída por mor da existencia de lousas desniveladas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo da policía local de data 31.10.2006, no que manifestan non tern constanza dos feitos denunciados.*
- *Informe do Servizo de vías e obras de data 16.10.2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 379,68 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamanteen data 3.4.2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.01.1974 ou 05.11.1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 30.9.2006 o reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias do Sergas por lesións que segundo o ditame médico solicitado ó efecto se valoran en 379,68 euros.*
- Non consta acreditada rotura de lentes a consecuencia da caída nin tampouco ningún lucro cesante por canto tampouco é probado que a reclamante exercera ningunha actividade económica, non atopándose en idade laboral.*
- Do accidente, que segundo o reclamante tivo lugar dous días antes de dita asistencia médica na rúa Travesía de Vigo, á altura do núm. 186, non hai testemuñas directas, e a policía local tampouco acudiu ó lugar.*
- De conformidade co informado polo Servizo de vías e obras e fotografías que con este informe se achegan, no lugar onde o reclamante di que caeu non hai ningún defecto na beirarrúa.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións do interesado, de que o

accidente ocorreu no día des lugar que el indica, , por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o informe médico dous días posterior refírese a unha caída segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. En todo caso resaltar que no suposto lugar da caída tampouco hai defecto ningún que xustificara responsabilidade do Concello.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Don Alfonso Fernández Daponte por unha caída ocorrida o día 28 de setembro de 2006 na rúa Travesía de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(59).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ COMESAÑA GOBERNO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1331/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 3.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don José Comesaña Comesaña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 4.12.2006 no que expón que o día 30.11.2006 produíxose un incendio nuns colectores de lixo que se atopaban diante da súa vivenda, sita na rúa Rocío núm. 60, producíndose danos materiais nela.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía local de data 30.11.2006 no que os axentes actuantes manifestan, que persoados no lugar comprobamos o incendio de catro colectores de lixo, descoñecendo quen lles puido prender lume, así como informe de data 29.1.2007 no que os axentes actuantes manifestan que persoados no lugar dos feitos non comprobamos danos na vivenda do núm. 60, aínda que si os perciben nunha vivenda veciña.*
- Informe do Servizo de Bombeiros, de data 13.2.2007, sobre a intervención realizada no lugar e data sinalados.*
- Informe do Servizo de limpeza, de data 21.8.2007, no que indican descoñecer ós causantes do incendio dos colectores.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 24.8.2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Procede, polo tanto, verificar, en primeiro lugar, a existencia dun dano e que este é avaliabel economicamente. E así, se ben o reclamante manifesta a consecuencia do incendio dos colectores produxéronse danos na súa vivenda, concretamente no seu portal, non aporta proba ningunha ó efecto, por canto nin o orzamento de limpeza e pintura deste nin as fotografías que achega proban que as carencias de pintura de dito portal tanto pola súa parte de afóra como por dentro o foran a consecuencia do incendio e non polo transcurso do tempo. O parte de servizo da policía local de Vigo dos axentes que acudiron ó lugar di que non se observaron danos na vivenda do núm. 60 e que o seu propietario, que é o reclamante, non se atopaba no lugar. No informe do Servizo de Bombeiros tampouco se reflicte dano ningún na súa vivenda.

Terceiro.- A xurisprudencia do Tribunal supremo ten reiterado que a responsabilidade da Administración ten un carácter obxectivo, isto é, configúrase como de resultado, bastando para apreciala un nexo de causalidade entre o funcionamento dun servizo público e o dano causado.

Do exame do expediente, resulta que do informe da policía local que acudiu ó lugar o día do sinistro así como do resto da documentación achegada acredítase que a causa que orixinou o incendio no ten orixe interna na propia prestación do servizo público de recollida de lixo ou suministro de colectores, senón que é unha causa externa a este, e desbotada a consecuencia dunha combustión espontánea ó ser de noite, o que de todos os xeitos sería moi improbábel, parece ser que un terceiro, ben intencionada ou imprudentemente botou fogo ó colector de lixo. Neste senso, é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conducta dun terceiro a determinante do dano producido (STS 29/03/1999, 16/11/1998 entre outras; ditame do Consello Consultivo de Galicia de 08/03/2001 en suposto similar).

Cuarto E así ten dito o Tribunal supremo (STS 04/05/1998), que a asunción pola Administración de determinadas competencias non a converten en responsábel de todos os feitos que de relación con elas acaezan, posto que non cabe considerar que o vixente sistema de responsabilidade patrimonial obxectiva das Administracións Públicas convirta a estas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa derivada da actividade dos administrados, polo só feito de que exercen competencias no sector, porque do contrario transformárase aquel nun sistema providencialista, non contemplada no noso ordenamento xurídico.

Consecuentemente co anterior, non resulta acreditado que o reclamante sufrira dano ningún a consecuencia do incendio dos colectores, por canto se ben nas fotografías que achega se observa que o seu portal carece de pintura nalgún lugar nin os policías locais actuantes nin o Servizo de Bombeiros observaron que o lume oafectara e ademais os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, polo que procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial pola falta do nexo causal necesario entre o suposto dano no seu portal e o funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don José Comesaña Goberna en relación ós danos materiais sufridos polo incendio duns colectores de lixo diante da súa vivenda, na rúa Rocío núm. 60, ocasionados o día 30 de novembro de 2006, por falta do nexo de causalidade entre os danos polos que reclama e o funcionamento dun servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(60).- CONCESIÓN DE AXUDAS DE REHABILITACIÓN:

– RÚA ELDUAYEN, 27, 1º. EXPTE. 349/431.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ ELDUAYEN 27, 1º, a Guillermo Mariño De Oya con NIF. 36088842W das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Guillermo Mariño De Oya a axuda proposta de 12.000,00 que será financiada polo Ministerio de Fomento en 6.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 6.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

26(61).- DAR CONTA O PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIAS DE TAXAS. EXPTE. 2763/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 20.11.07, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de obras e licenzas de actividades e instalacións non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que , en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á

Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Liquidacións de taxas por licenzas de actividades:

- Bike 52 S.L 232,59 euros
- Alejandro García Llorente 195,85 euros
- Romiperpan S.L 76,45 euros

Liquidacións de taxas por licenzas de obras:

- Vodafone España S.A 53,40 euros
- Promogest S.L 193,20 euros
- Esgasa Galicia S.A 3.876,39 euros
- Agencia tributaria 356,04 euros
- Luzada S.L 627,20 euros
- Promociones inmobiliaria Horacio y Manuel 186,65 euros
- Oscar Gil González 146,60 euros
- Frimarte S.A 311,25 euros
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 689,75 euros
- Mercedes Sobrino Alonso 186,65 euros
- Dinak 3.569,38 euros
- Cencompri S.A 205,15 euros
- Manuel Méndez Pazo 143,42 euros
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 1.289,68 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da precedente proposta.

27(62).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DA RÚA GANDARÓN. EXPTE. 152/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Amdón. Xeral, do 8.01.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de agosto de 2007, acordou “estimar a solicitude de expropiación da totalidade presentada por Jose Covelo Gonzalez (P-016B) e Constantino Borrageiros Rey (P-050Bis) correspondentes a parcelas incluídas dentro do expediente expropiatorio da rúa Manuel Alvarez (expte. 147/413); Carmen Tomé Pérez (P-009), M^a. Victoria Carleos Romero (P-011), Manuel Nogueira Martín (P-026), Manuela Camiña Francisca e outros (P-046) e “Promociones obras inmobiliarias, S.A.” (P-027) como propietarios de parcelas incluídas no expediente expropiatorio da rúa Gandarón (expte. 152/413); Marina Carrera Cameselle (E-056), como propietaria da parcela incluída no expediente expropiatorio da rúa Severino Cobas (expte. 156/413). Desestimar solicitude de expropiación total presentada por don José Covelo González

con respecto á parcela P-022Bis.

Revisado o proxecto de expropiación da rúa Gandarón, comprobouse que, en data do 27 de abril de 2005, D^a Manuela Camiña Francisco como propietaria xunto cos seus fillos da finca situada na rúa Gandarón núm. 60, identificada no expediente como P-046, presentou escrito de alegación contra a folla de aprecio anexa á notificación do 15 de marzo de 2005.

No dito escrito de alegación maniféstase que a superficie a expropiar fíxase na relación de bens afectados en 54 m² cando, na realidade, trátase de 76 m², toda vez que non se tivo en conta que o fronte da finca á rúa non abarca só o da propia nave senón tamén a servidume de paso para a finca posterior co que linda a nave polo Norte.

Polo tanto, e como rectificación ó acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 27 de agosto de 2007, o propietario da parcela P-046 da rúa Gandarón non solicitou a expropiación total da súa parcela, senón unha rectificación na relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación.

Solicitado o correspondente certificado de existencia de crédito, é emitido o 16 de xullo de 2007.

Ó abeiro do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Tendo en conta o previsto no artigo 127.d da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, á vista do informado, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 27 de agosto de 2007, en relación coa parcela P-046 do proxecto de expropiación da rúa Gandarón, no sentido de que o propietario non solicitou a expropiación total da rúa parcela senón unha modificación na relación de bens e dereitos afectados, sendo os metros totais afectados 76 m² e non 54 m² como figuraban na folla de aprecio da administración.

Segundo: Remitir nova folla de valoración ó propietario afectado.

Terceiro: Comunicar o presente acordo á oficina de servizos centrais da Xerencia municipal de Urbanismo.

Cuarto: Notificar o acordo ós interesados, informando que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(63).- PROXECTO EXPROPIATORIO DE TAXACIÓN CONXUNTA DO POLÍGONO Nº 1 DO PLAN PARCIAL BARUXÁNS. EXPTE. 178/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Amdón. Xeral, do 8.01.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

En data 02.09.2002 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "03.23.Baruxáns-B" (Bembrive) -Expte. 5823/411-. As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP núm. 206, do 25.10.2002.

No 18.06.2004 D. Enrique Bastos Rodríguez presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo comunicando a adhesión dos propietarios titulares dun 97,96% da superficie do polígono "1" dese Plan Parcial ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 e publicados no BOP do 02.01.2004. Achegou a tal efecto copia auténtica da correspondente "Acta de Adhesión" protocolizada no 15.06.2004 perante o notario de Vigo D. Jose Antonio Rodríguez González co núm. 1422 do seu protocolo.

Mediante oficio do Xerente de Urbanismo do 14.07.2004 requiríuselle ós propietarios do ámbito para que se constituísen en Xunta de Compensación.

No 21.09.2004, D. Enrique Bastos Rodríguez interpuxo un escrito nesta Administración municipal comunicando a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono e solicitando a súa aprobación e inscrición no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras. Achegou ó efecto Escritura Pública de constitución, outorgada no 09.09.2004 perante o notario de Vigo D. Luis Rajoy Brey co núm. 1.198 do seu protocolo, así como copia dos respectivos títulos de propiedade e escritura de ratificación da constitutiva, outorgada no 10.09.2004 perante o notario D. José Antonio Somoza Sánchez co núm. 2.173 do seu protocolo.

Por outra parte, a Xunta de Goberno Local de 20.02.06 acordou a aprobación do proxecto de expropiación por taxación conxunta do ámbito. O citado acordo foi notificado ós interesados por oficio de 21.03.07.

En data 30.10.07 tivo entrada no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo escrito asinado por don Angel Pérez Riveiro no que se solicita o seguinte: "(...) 1.- La revisión del acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno Local de fecha 20 de Febrero de 2006, de aprobación definitiva de la expropiación por taxación conjunta, en cuanto a las fincas núms. 42 y 145 no incorporadas a la Junta de Compensación del Polígono nº1 del Plan Parcial 03.23 Baruxáns B, acordando su anulación en cuanto se tuvo por no incorporado al compareciente respecto de ambas fincas y, subsidiariamente, en cuanto a la finca nº 145, cuya rectificación de titularidad a favor del compareciente tuvo lugar simultáneamente con dicho acuerdo, más de un año después del trámite de incorporación. 2.- Le sea notificado el acuerdo de notificación de la constitución de la Junta de Compensación en su domicilio de Camiño Fionde, nº 14 (antes Troncales), Bembrive, concediéndole el plazo legal para su adhesión a la misma ante fedatario público, en cuanto a las fincas núms. 42 y 145, o subsidiariamente, únicamente en cuanto a la finca nº 145, con apercibimiento de expropiación para el caso de no efectuar dicha adhesión (...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto e natureza do escrito presentado no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo de data 30.1.07 (doc núm 70120831).- O escrito presentado solicita a revisión do acordo adoptado pola Xunta de goberno local de data 20.02.06 de aprobación definitiva do proxecto de expropiación por taxación conxunta (expte 178/413) e a unha petición de notificación do acordo da aprobación da constitución da Xunta de compensación. Tendo en conta o previsto no artigo 110.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común o erro na calificación do recurso por parte do recurrente non será obstáculo para a súa tramitación sempre que se deduzca o seu verdadeiro carácter. Con respecto ó primeiro punto do escrito, se solicita a “revisión del acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno Local de fecha 20 de Febrero de 2006, de aprobación definitiva de la expropiación por taxación conjunta”. A pretendida revisión non pode ser calificada como unha acción das previstas nos artigos 102 e 103 da Lei 30/92, de 26 de novembro. O acto pese produce efectos favorables ós interesados e a acción non se basea en ningún suposto ou causa de nulidade enunciada no artigo 62.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro. Así mesmo, tampouco existe actualmente na Lei 30/92 unha acción de revisión de actos anulables ó abeiro do disposto no artigo 63 e 103 da Lei 30/92, de 26 de novembro. Naquel caso que se pretendera a utilización da vía do artigo 102 e 103 da Lei 30/92, non cabería outra resolución que a inadmisión a trámite. A única calificación posible do recurso plantexado é entende-lo como unha petición de revocación de actos desfavorables prevista no artigo 105 da Lei 30/92, de 26 de novembro, ou mesmo unha interposición dun recurso extraordinario de revisión que ven regulado no artigo 118 e 119 do antedito texto legal.

2.-Análise da petición de revisión do acordo da Xunta de Goberno Local de 20.02.06 de aprobación definitiva

do proxecto expropiatorio por taxación conxunta.- No escrito presentado se comunica que a persoa asinante do mesmo non tivo oportunidade de manifestar a súa adhesión ó modelo xeral de estatutos e bases ou de incorporación á Xunta de Compensación. Basea a súa pretensión no feito de que a notificación non se practicou no domicilio do interesado. Examinando o expediente se conclúe que o acto de aprobación da constitución da Xunta de compensación, acordado o 20.12.04 foi notificado a don Ángel Pérez Vila e don Ángel Pérez Riveiro. A dilixencia de notificación se realizou no enderezo “Camiño Troncales, 10-Baixo” de Vigo. Se practicaron dous notificacións individualizadas pero ó mesmo enderezo e as mesmas foron asinadas por don Ángel Pérez Vila, sen que conste na dilixencia de notificación calquera obxección sobre o enderezo real de don Ángel Pérez Riveiro. Por outra parte, consta nos rexistros municipais que don Ángel Pérez Riveiro figura con enderezo en “Camiño Troncales, 10-Baixo”. Para corroborar a dilixencia na notificación, conséntase que nas alegacións que presenta ó seu nome dispoñe como enderezo a efectos de notificacións “Camiño Troncales, 10-B” (doc 50160461, data de presentación 14.09.05; doc 60001117, data de presentación 4.01.05). Polo tanto non plantexa ningunha dúbida que o acto de aprobación da constitución da Xunta de Compensación do polígono 1 do Plan Parcial de Baruxáns está perfectamente notificado e polo tanto non afecta á resolución pola que se deu aprobación definitiva ó proxecto de expropiación por taxación conxunta dos propietarios non incorporados no polígono 1 do Plan Parcial de Baruxáns.

3.-Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.”d” da Lei 7/85, de 20 de abril, de bases de réxime local e os artigos 102 e seguintes da Lei 30/92, á competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, proponse a adopción do presente acordo:

1.-Acordar a inadmisión a trámite, naquel caso que se pretendera a revisión de oficio prevista no artigo 102, se instase a adopción de acordo polo que se declare lesivo ó abeiro do artigo 103 da Lei 30/92 ou mesmo, se intentara a interposición dun recurso extraordinario de revisión.

2.-Desestimar a pretensión de revisión ou revocación (ex 105 da Lei 30/92, de 26 de novembro) do acto de aprobación definitiva da aprobación definitiva do proxecto expropiatorio dos propietarios non incorporados á Xunta de compensación do polígono 1 do Plan Parcial de Baruxáns.

3.- Comunicar a presente resolución ó interesado e á Xunta de compensación, informando que contra o mesmo cabe interpoñer recurso de reposición no prazo de dous meses ante esta mesma Administración municipal ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(64).- RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE MANTEMENTO DO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES. EXPTE. 4748/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 30.11.07, conformado polo coordinador da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a concelleira delegada de dito servizo e o interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

1.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo (en adiante CZFV), como axencia de desenvolvemento local, foi o impulsor, a través de anteriores convenios co concello de Vigo, do polígono industrial de Valadares denominado “ Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (en adiante PTL)

2.- O Plan Parcial do PTL foi aprobado definitivamente en acordo Plenario do 26/03/2001 (expte: 4959/411). Nas datas respectivas de 29/09/2003, 28/06/2004 e 30/01/2006 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente as modificacións puntuais nºs. 1, 2 e 3 do Plan Parcial

3.- O Proxecto de Urbanización correspondente a dito Plan Parcial aprobouse definitivamente por acordo do Consello da Xerencia Municipal mde Urbanismo do 21/06/2001, clarexado por acordo posterior do 30/08/2001 (expte: 428/401)

4.- Con data 16/05/2002 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de reparcelación do PTL(expte: 4292/401)

5.- Na acta de recepción e entrega das obras de urbaización do plan Parcial do PTL suscrita o 26/05/2005 polo Concello de Vigo e o CZFV, preveuse a formalización dun convenio para a conservación desa urbanización mediante unha “ entidade urbanística de conservación ”

6.- con data 23/04/2007 o exeñeiro técnico de obras públicas adxunto ao director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiu un informe avaliando o custe medio anual de mantemento dos servizos e espazos públicos de titularidade municipal que asumirá a entidade de conservación, ascendendo á cantidade de 180.000,00 €. Dito mantemento refírese a : Beirarrúas e calzadas de titularidade municipal, zonas verdes de titularidade pública municipal, sinalización vertical e horizontal de titularidade pública municipal, limpeza do sistema viario municipal e alumeadado público

Cos fins mencionados e con data 11 de maio de 2007 a Alcaldesa- Presidenta do Concello de Vigo,o Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Presidente da Xunta Xestora dos propietarios do PTL en orde a formalización da Entidade Urbanística de Conservación do parque , asinaron o convenio que consta no expediente Polo exposto, este servico de Vías e Obras, previo informe da Intervención Xeral municipal, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Convenio suscrito con data 11 de maio de 2007 entre o Concello de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Xunta Xestora da Entidade Urbanística para a Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo cuio texto que figura como ANEXO

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 180.000,00 €, tal como figura na cláusula SÉPTIMA do Convenio, como cota a aportar polo Concello de Vigo para o ano 2008 á Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo. Este gasto irá con cargo á partida presupostaria 5110.489.00.00 que figura no presuposto de Vías e Obras para o exercicio 2008

TERCEIRO.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días mediante publicación no DOG e nun xornal dos de máis difusión na provincia, así como notificación individualizada ós propietarios do ámbito.

ANEXO

“CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO, O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E A XUNTA XESTORA DA FUTURA ENTIDADE URBANÍSTICA, PARA A CONSERVACIÓN DO PARQUE TENOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALADARES.

Vigo a de de 2007

Dunha parte a Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, Dona Corina Porro Martínez, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Don Francisco López Peña, Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, nomeado por RD 1379/2004, de 7 de xuño, no nome e representación do Consorcio.

Finalmente, D. José Luciano Martínez Covelo, en calidade de Presidente da Xunta Xestora constituída polos propietarios do Parque en orden a formalización da Entidade Urbanística de Conservación, segundo nomeamento do seu cargo de 17 de xullo de 2006.

As partes interviñentes no presente acto recoñécense a mutua e necesaria capacidade para a formalización do

presente convenio de xestión urbanística de acordo cos seguintes antecedentes e cláusulas:

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Este Convenio ten por obxecto precisar o sistema de conservación da urbanización do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo delimitado no correspondente Plan Parcial, así como a prestación de determinados servizos públicos.

SEGUNDA.- Constituirase unha entidade urbanística colaboradora de conservación, coa natureza de entidade de dereito público, que asumirá as seguintes cargas e obrigas nese ámbito:

a) Conservación e mantemento de:

- Zonas Verdes*
- Viais e Beirarrúas*
- Mobiliario Urbano e sinalizacións*
- Instalacións de alumado público.*

b) Prestación de servizos de:

- Recollida e xestión de residuos sólidos urbanos.*
- Limpeza viaria.*
- Outros servizos comúns, que se precisarán nos estatutos da entidade.*

TERCEIRA.- O Concello de Vigo asume a prestación e custeamento do resto dos servizos públicos urbanísticos e sociais que legalmente lle correspondan: Subministro de enerxía eléctrica para o alumado público, transporte urbano, bombeiros, etc.

Así mesmo, o Concello velará porque as empresas concesionarias subministradoras dos servizos públicos (auga, electricidade, gas, etc) manteñan as instalacións que sirven de soporte para a prestación dos mesmos. Ditas concesionarias asumirán a responsabilidade polos posibles danos e prexuízos ocasionados no ámbito das súas competencias (nos que se inclúen os derivados da execución das obras que realicen).

CUARTA.- Como o Concello de Vigo deixará de presta-lo servizo de recollida e xestión de residuos sólidos urbanos nese ámbito, que será asumido pola entidade urbanística de conservación, os seus membros quedarán exentos da taxa de recollida de lixo industrial, pero sí suxeitos a taxa por cota mínima de vivenda dacordo co previsto no artigo 5.1.4. da Ordenanza Fiscal nº 16 do Concello de Vigo (reguladora das taxas pola recollida do lixo)

QUINTA.- A partir do día seguinte da constitución efectiva da Entidade Urbanística de Conservación, esta asumirá, sen excepción algunha, as obrigas de mantemento e conservación do Parque nos termos sinalados no presente Convenio e nos Estatutos que regulen o seu funcionamento. Non obstante, as aportacións do Concello de Vigo comenzarán no ano 2008, consonte co disposto ao respecto na Acta de recepción da urbanización do polígono.

SEXTA.- O Concello de Vigo colaborará co financiamento dos custes de mantemento do PTL asumidos pola Entidade Urbanística de Conservación, mediante unha cota anual fixa, atendendo aos parámetros que se detallan na cláusula seguinte. Os custes anuais da entidade de conservación pola xestión dos servizos descritos na cláusula “SEGUNDA” anterior, que excedan de dita cota municipal fixa serán asumidos polos seus membros en proporción á súa respectiva cota de participación na entidade.

SÉTIMA.- A contía da referida cota municipal consignarase especificamente cada ano nos Presupostos do Concello. Dita cota ascenderá a un total de 180.000 €/ano, de acordo co Informe do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas, Adxunto ao Director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23 de abril de 2007 incorporado ao expediente de referencia, destiñado a cubri-lo custe dos seguintes servizos:

- *Mantemento de beirarrúas e calzadas de titularidade municipal.*
- *Mantemento de zonas verdes de titularidade municipal.*
- *Mantemento de sinalización vertical e horizontal no sistema viario municipal.*
- *Limpeza das vías públicas municipais.*
- *Mantemento do alumeadado público de titularidade municipal.*

Conseguentemente, establécese unha aportación fixa municipal en concepto de cuota de compensación para o exercicio do 2008, por importe de 180.000 €.

Para os exercicios anuais seguintes actualizarase dita cota atendendo á porcentaxe de variación do IPC a 31 de decembro de cada ano, sen prexuízo da posibilidade de regularización da cuota prevista na cláusula “NOVENA” seguinte.

Ós efectos anteriores, os exercicios coincidirán co ano natural.

OITAVA.- A contratación pola entidade de conservación dos servizos públicos municipais reseñados na cláusula anterior realizarase coas garantías de publicidade e concorrència establecidas na vixente lexislación sobre contratos das Administracións públicas.

NOVENA.- A Entidade Urbanística de Conservación, unha vez constituída, deberá levar unha contabilidade separada do custe efectivo do mantemento dos servizos asumidos en lugar do Concello de Vigo, detallados na cláusula “SÉTIMA” anterior, e presentar, 45 días antes de finalizar o exercicio anual, un balance de ingresos e custes reais coñecidos na data da presentación dos mesmos, así como os que estivesen previstos ata a finalización do exercicio. As cotas non consumidas totalmente nun exercicio concreto, poderán acumularse nun fondo destiñado a compensa-los posibles déficits doutros exercicios.

DÉCIMA.- O Concello poderá, de oficio ou por solicitude da entidade, e sempre previa audiencia da mesma, modificar, tanto á alza como á baixa, a aportación municipal descrita na cláusula “SÉTIMA” anterior, sempre que dita modificación quede suficientemente xustificada.

A aportación final aprobada e asumida polo Concello recollerase nos seus presupostos xerais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O prazo de vixencia do presente convenio será en principio indefinido. Non obstante, se tras cinco anos de funcionamento se constata que a Entidade Urbanística de Conservación non sirve correctamente aos fins para os que se constituíu, o Concello poderá acorda-la súa extinción previa tramitación do correspondente procedemento administrativo.

Así mesmo, a Entidade Urbanística poderá insta-la súa disolución se considerase, previa xustificación, que a cantidade aportada polo Concello non é suficiente para cubri-las obrigas recollidas na Cláusula “SETIMA”. Neste caso, se quedase probada a circunstancia sinalada, o Concello deberá tramita-lo correspondente procedemento de disolución.

En ámbolos dous supostos recollidos nesta Cláusula, trala disolución da entidade de conservación o Concello de Vigo asumirá directamente nese ámbito a prestación e custeamento dos servizos públicos municipais de prestación obrigatoria, consonte coa lexislación vixente, entre os que se inclúen a conservación e mantemento dos elementos da urbanización de titularidade municipal.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo será membro nato da Entidade Urbanística de Conservación, debendo designar un representante no seu Consello de Administración, con facultades de control e fiscalización.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Concello de Vigo e a Entidade de Conservación procurarán en todo momento o mantemento no mellor estado de conservación do PTL de Valadares, e así a Entidade de Conservación deberá comprometerse a poñer en coñecemento do Concello de calquer transgresión que se produza da lexislación e das Ordenanzas municipais.

DECIMO CUARTA.- A validez e eficacia deste Convenio queda supeditada á súa aprobación polos órganos municipais e do CZFV competentes, así como á súa tramitación na forma legalmente establecida, e á efectiva constitución da entidade urbanística de conservación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

30(65).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (FERNANDEZ-LINAZA, SANTIAGO PEREIRA). Expte. 18010/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 18.01.2008, co conforme da xefa da Área de Réxime Interior e do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En instrución do servizo de data 17 de xaneiro do 2008, e a petición dos Concelleiros-delegados das Áreas de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes, e Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo formulada en escrito de data 17/01/2008 incorporado ao expediente, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou á Unidade de Persoal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local das modificacións nos postos de traballo na mesma indicados, concretadas en:

-Cambio de adscripción do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Mobilidade e Seguridade” ao Servizo de Medio Ambiente, pasando a denominarse “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

-Cambio de adscripción do posto de traballo denominado “Coordinador técnico dos servizos de inspección de Medio Ambiente”, readscribíndoo ao Servizo de Mobilidade e Seguridade, pasando a denominarse “Enxeñeiro técnico”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

2. Os ditos postos de traballo atópanse ocupados polos funcionarios D. Ramón Fernández-Linares Bouza, con nº de persoal 78.523 e praza de enxeñeiro industrial, e D. Santiago Pereira Mora, enxeñeiro técnico industrial e con nº de persoal 7686.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A recente entrada en vigor o pasado 13 de maio do novo marco normativo constituído pola Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata o momento; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes. Prevé o artigo 74 da dita

norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado precepto sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

II. De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

III. Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPT ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residenciada na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidentencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- a) Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- b) Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- c) Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

IV. As transformacións propostas, con independencia da súa oportunidade, non parecen implicar alteración do cadro de persoal orzamentario aprobado polo Pleno do Concello en data 28/02/2005, vinculado á aínda vixente RPT (publicado no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, xunto coa RPT) xa que os postos de traballo citados teñen a condición de postos existentes na vixente RPT e contan coa correspondente dotación orzamentaria plenariamente aprobada relativa ás prazas existentes no Concello de Vigo, susceptibles de seren encadradas nos distintos postos de traballo contidos na RPT. Todo elo sen prexuízo de que na futura RPT- actualmente en elaboración tras a aprobación e entrada en vigor o 1 de xaneiro do 2008 dos Orzamentos Municipais para o ano 2008- se incorpore a modificación proposta.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos.

V. En canto ao feito de que os ditos postos de traballo se atopen cubertos, a posibilidade de readscripción dos mesmos atopa amparo legal no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando no seu caso a adscripción dos postos de traballo dos que sexan titulares. Neste caso, a necesidade do servizo parece responder á petición que dende o mesmo se formula polos correspondentes concelleiros-delegados das Áreas de Mobilidade e Seguridade e Medio Ambiente, respectivamente.

VI. Vistas as consideracións e informes expostos, en estricto cumprimento da instrución do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 17/01/2008, e considerando que a precedente proposta non implica modificacións retributivas nin devengos económicos, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar o cambio de adscripción do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Mobilidade e Seguridade”, código retributivo 186 da vixente RPT, ao Servizo de Medio Ambiente (código de servizo 215), pasando a denominarse “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

SEGUNDO.- Acordar o cambio de adscripción do posto de traballo denominado “Coordinador técnico dos servizos de inspección de Medio Ambiente”, código retributivo 064 da vixente RPT, readscribíndoo ao Servizo de Mobilidade e Seguridade (código de servizo 210) pasando a denominarse “Enxeñeiro técnico”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo aos funcionarios/as adscritos aos ditos postos, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(66).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE PEZAS RELACIONADAS CO GÜERA DA INDEPENDENCIA ESPAÑOLA : SABLE DO MARISCAL SOULT, BANDO DE CACHAMUÍÑA E MEDALLA DE WELLINGTON. EXPTE. 2652/337.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 18.01.08, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal á Sociedad Estatal de Conmemoracións Culturais das seguintes pezas da colección de historia da cidade do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: Sable do Mariscal Soult, Bando de Cachamuiña e Medalla de Wellington; nºs inv. 7612, 8265, 7619; para a exposición “España, 1808-1814: La Nación en armas”; a celebrar entre o 12 de febreiro e 11 de maio de 2008; no antigo Centro Cultural da Villa de Madrid; conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal, ademais das particulares establecidas para este préstamo; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

32(67).- CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. DOC. 80006519.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-propota do administrador da Escola municipal de Artes e Oficios, do 16.01.08, conformado polo secretario e a presidenta da Escola, que di o seguinte:

De conformidade co artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o órgano de contratación para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido estará asistido por unha Mesa constituída por un Presidente, os vocais e un Secretario, designados polo órgano de contratación. No procedemento negociado a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación.

En aplicación do mesmo artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do artigo 79 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, do artigo 113.3ª do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e do artigo 327.2ª da Lei galega 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a composición mínima necesaria estará integrada polo Presidente e por varios vocais entre os que deben figurar o secretario e o interventor.

En consecuencia, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente conforme o artigo 127.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, DEBERÁ ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Designar aos membros da Mesa de contratación da Escola Municipal de Artes e

Oficios que quedará integrada a partir de agora polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

A Sra. Presidenta da Escola Municipal de Artes e Oficios, Da. Laura López Atrio ou o membro da Xunta de Goberno Local ou concelleiro/a no que delegue:

VOCAIS:

- O Supervisor da Escola Municipal de Artes e Oficios D. Rafael Ojea Pérez ou ou funcionario do Servizo de Educación no que delegue.*
- O secretario da Escola Municipal de Artes e Oficios D. Alfonso M. Ramos Covelo ou ou o Técnico de Administración Xeral no que delegue.*
- O interventor xeral do Concello, D. Juan Ramón González Carnero, ou funcionario no que delegue.*
- O Administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios D. D. Julio Pereira López ou funcionario dos Servizos Administrativos da Escola no que delegue.*
- O representante do profesorado na Xunta Rectora do Organismo Autónomo ou o profesor contratado fixo no que delegue.*

SECRETARÍA:

A auxiliar Administrativa Da. D^a. Matilde León Rodríguez, como titular, e D. D. Francisco Torres Rodríguez, como suplente, para a realización das funcións auxiliares asociadas á secretaría da Mesa.

SEGUNDO.- As funcións e atribucións da Mesa de contratación serán as sinaladas na normativa reguladora da contratación das Administracións públicas, correspondéndolle por tanto:

- a).- A cualificación da documentación presentada polos licitadores, declarando a súa admisión ou exclusión.*
- b).- A realización do acto público de apertura das proposicións económicas dos licitadores admitidos nos concursos e subastas e, de ser o caso, nos procedementos negociados.*
- c).- Formular proposta de adxudicación ós órganos de contratación, agás no relativo ós contratos menores, que se adxudicarán directamente polos órganos competentes do Organismo Autónomo conforme á normativa en vigor.*

A apertura das proposicións presentadas terá lugar, con carácter xeral, ás 10 horas do primeiro martes seguinte ó día en que remate o prazo de presentación das mesmas, constituíndose para estes efectos a Mesa de contratación nas dependencias da Escola Municipal de Artes e Oficios. Se coincidese en día inhábil ou se por causas de forza maior non puidese celebrarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

TERCEIRO.- Para a válida constitución da Mesa de contratación requirirase a presenza do presidente, do secretario da Escola Municipal de Artes e Oficios e o Interventor, ou dos que os substitúan, e da metade polo menos dos seus membros..

CUARTO.- Os efectos desta Resolución comezarán a partir da data da súa sinatura.

QUINTO.- Notifíquese aos funcionarios designados e, conforme co previsto no artigo 79.2 do RD.1098/2001, de 12 outubro, de Regulamento xeral da LCAP, publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(68).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.